

A Soldadeira

(Peza en tres actos)

Luís Seoane

Buenos Aires, outono 1956

Introducción

A consideración e tratamento de Santiago de Compostela como espacio artístico e paisaxe sentimental moi probablemente sexa unha das constantes máis emblemáticas da arte galega. Cidade senlleira desde a época medieval, inicio e fin de viaxes, o seu mito vai ser aproveitado por Luís Seoane como paradigma das arelas e frustracións do pobo galego.

Na obra literaria do artista galego-arxentino abundan as referencias a este espacio mítico que se complementa coa visión plástica recollida, por exemplo, nas *Imágenes de Galicia*¹.

A obra teatral de Seoane, *A Soldadeira*², non é unha excepción e recrea este espacio, igual que *O irlandés astrólogo*³, para contarnos «unha historia», como lucidamente a nomina un dos personaxes da obra.

A acción desenvólvese, en efecto, en Santiago, no século XV, en tempos do Arcebispo don Lope de Mendoza, que ten que facer fronte á primeira rebelión dos Irmandiños, capitaneados por Rui Xordo. A traizón frustra a toma da cidade polos campesiños sitiadores; pero nin este fracaso nin a morte final de Minia, a Soldadeira, impiden un canto colectivo á guerra e ó amor liberadores mentres baixa o pano.

A comprensión existencial de Galicia pasa polas vicisitudes históricas e contemporáneas, así como pola intuición do futuro. A preocupación polo pasado de Galicia fai que Luís Seoane se interese por personaxes históricos da nosa cultura así como polos momentos críticos e de profunda conmoción social. Destes conflitos extrae

1. Recolle o libro 72 xilografías orixinais, editadas po *Albino y asociados*, Buenos Aires, 1979. Polos personaxes representados, cabaleiros, cegos, pelegríns, mendigos, monxes, soldadeiras etc, semella ilustrar a obra que nos ocupa.

2. Existe versión ó castellano de Luís Seoane (Buenos Aires: Editorial Ariadna, 1957). O texto galego que editamos permaneceu inédito desde 1956.

3. Versión galega de Francisco Pillado, edicións do Castro, 1980, feita sobre a edición castellana (Buenos Aires: Ediciones Losange, 1959). A produción teatral de Luís Seoane complétase coa obra *Esquema de Farsa (Galicia Emigrante*, 31, Buenos Aires, 1957).

Luís Seoane verdades esenciais que clarifican o camiño percorrido pola sociedade, combaten a ignorancia indiferente e as mentiras da ideoloxía dominante.

Esta é a razón da súa elección: sitúase no pasado histórico, século XV, cando Galicia loitaba como pobo, «polo común»; pon en escena personaxes carismáticos, Rui Xordo, O arcebispo de Santiago e elixe un momento crítico, a guerra «Irmandiña». Pero Luís Seoane renuncia a darlle tratamento de heroes individuais a estes persoeiros para destacar, sobre eles, o proceso histórico. Despreza as paixóns privadas e trata o pasado coa familiaridade do presente; o resultado é, paradoxalmente, distanciador xa que o lector vese forzado a analizar eses feitos pretéritos desde os seus efectos actuais. O individuo ten importancia na medida na que se dá unha interacción entre o home e a historia. Esta aproximación dialéctica non sería posible se Seoane non presentase na obra choques entre o pasado e o presente.

Para conseguir esta mirada dialéctica e distanciada sobre a historia de Galicia como pobo, Seoane recorre a unha construción brechtiana e rigorosa⁴.

Se Minia, a Soldadeira, serve de enlace entre os dous espazos escénicos, a cidade gremial e o monte Pedroso dos sitiadores, os *campesiños actuais* conseguen que a súa presenza escénica a «superposición temporal» necesaria para que a inxustiza, traizón e explotación teñan lectura actualizada. Como espectadores dramatizados, os campesiños actuais pasan, gradualmente, de considerar o que presencian como unha «belida historia» no principio do acto II a unha identificación cos acontecementos:

CAMPESIÑO MOZO.- Dende logo, ista é unha belida historia.

A SOLDADDEIRA.- É unha historia vosa, trátase de vós.

O CAMPESIÑO MAIOR.- Si. Pro eu cavilo que é máis que unha historia. Din as mesmas cousas que poderíamos decir nosoutros, e descaí parece que pasou fai moito tempo.

O CAMPESIÑO MOZO.- Nós defendémonos agora dos caciques, das contribucións e da garda civil. Parece o mesmo.

Mediado este mesmo acto segue a incredulidade do campesiño mozo que di, ante as protestas da Soldadeira: «Pode que non sexa teatro, senón unha especie de Santa Compañía. Unha visión».

Xa no terceiro acto, A Soldadeira replica ó campesiño mozo («Todo isto parece que pasou fai tempo»):

Isto pasou fai moito tempo e pasa agora. Non e existe o tempo, soio e existe cando queremos que e exista. O tempo tamén o inventamos nós. Iste é o teu tempo. Calquer tempo nun país, si de certo se vive, é o teu tempo. Ti vives

4. Moitos destes recursos constructivos foron estudados por Euloxio Ruibal no artigo «O teatro de Luís Seoane», *O Correo Galego*, 6 de xaneiro de 1994. Un interesante e documentado traballo de Francisco Pillado (*A Nosa Terra*, "Luís Seoane compromiso e paixón creadora", 1985, pp. 41-45) estudia as aportacións de Seoane ó teatro, como creador, ilustrador e escenógrafo.

no noso tempo e istes que deixamos, e aquiles que loitan na montaña, viven o que ti coidas creer o teu tempo e iles chaman futuro.

Consúmase a superposición temporal no remate da obra cando ó unísono, os campesiños medievais e actuais exclaman: «Todos estamos contigo, guerra. Ca nosa vontade e co noso sangue, Minia, Soldadeira.»

O tempo textual, o tempo da acción está sincopado en tres actos e seis escenas cunha duración que a penas sobrepasa o tempo «clasico» de vinte e catro horas. A procesión de San Cosme e Damián coa que comenza a obra marca na última escena o tempo transcorrido así como as fogueiras do monte Pedroso.

A festividade de San Cosme e San Damián, que celebran os barbeiros e sangradores, fixa o día exacto, vinteseite, e o mes, setembro, no que ocorren os feitos da historia.

Os personaxes das escenas «intramuros», aparecen representando o mundo gremial, tan activo e característico das cidades medievais. Luís Seoane coñecía perfectamente, entre outras, a obra de López Ferreiro e de Pérez Costanti, dabondo documentadas sobre as cofradías e gremios santiagueses. Non renuncia sen embargo á caracterización lingüística dos personaxes a través da onomástica gremial: *Mestre Touciño* é gordo e graxento; *Mestre Cereiro* é pálido; tampouco se nos escapa que *Pedro Vinagre*, no escenario irmandiño é o constructor da forza.

No «debate» que manteñen os oficiais na segunda escena do primeiro acto na taberna de *Mestre Touciño* defendendo os respectivos oficios hai sabor escolástico e inxenuidade atemporal, conseguindo unha atmosfera dialóxica lograda.

Na sociedade medieval tamén as soldadeiras, cegos, xograres e mendigos teñen un lugar e unha función que Seoane, nun guiño valleinclanesco, poetiza e mitifica por boca do *Cego* na taberna de *Mestre Touciño* na escena II do primeiro acto:

Os camiños dista (*senalando a Soldadeira*), non son todol-os camiños, ou mellor dito, calquer camiño. Son camiños de ferro, sen cans, pousadas nin eirexas con adro ao que acollerse. Son camiños que van facéndose ao pisar dos soldados e están na terra de ninguén, en provincias de loita ante cristiáns e mouros. Soldadeiras e xograres aledan ises novos camiños. Iles son, prós barbudos e poeirentos cabaleiros que acuden a isas guerras, como unha primavera que luce en cores. Eu coñezo algúns dises viaxes. Fíxeno cas hostes dun señor diste país e coñezo á Soldadeira. A ista tiña que falarlle, precisamente, pra que vos falase. Todos os que andamos polos camiños temos unha lei e unha misión.

O personaxe *O tolo profético* é unha especie de historiador do tempo futuro. Sente o aire cargado de ameazas, de presaxios e desgracias inminentes; desde a súa altura premonitoria é unha voz trágica e dramática que contribúe á unidade da obra.

A pesar da traizón, da represión que exercen *Os falsos cabaleiros de Sant Iago* e da morte de *Minia*, ó final da obra atopámonos cuns homes que asumiron a súa propia historia e que están dispostos a emprender a vida.

A nosa edición

A nosa edición está feita sobre o «orixinal autógrafo», mecanografado e con numerosas correccións manuscritas, moitas delas con recomendacións tipográficas que evidencian a vontade do autor de publicar esta versión primitiva.

Consta o orixinal de 54 holandesas numeradas na parte superior central formando un caderno protexido por tapas duras de cartón.

O galego de Luís Seoane neste orixinal é o que corresponde ós anos cincuenta e a unha persoa familiarizada cos textos galegos desde a triple perspectiva de lector, editor e creador. Isto explica dabondo a intuición e acerto con que tratou a ortografía nunha época caracterizada pola escasez de tratados e estudos de todo tipo.

A presente versión respecta, como é obrigado nestes casos, os hábitos ortográficos do autor, limitándonos noutros casos a sistematizar certas contraccións ou a corrixir ultracorreccións evidentes, segundo os seguintes criterios:

a) Respectamos a alternancia de «que» e «de» na perífrase de obrigatoriedade («...os actores teñen de facer dous papeis»). Corriximos, no plano sintáctico, certos usos pronominais de tipo dialectal.

b) Seoane usa sistematicamente as series iste/ise, il/ila, nila, eiquí, etc.

c) De forma case sistemática rexeita os grupos cultos -ct-, -pt-, etc. Soamente corriximos, se a forma deriva en ultracorrección.

d) Seoane substitúe a conxunción copulativa «e» por «i» cando a palabra que a segue empeza por «e». A nosa versión xeraliza o uso de «e».

e) Algunhas contraccións do autor, tales como «queu» transcribímolas «que eu», que facilita a lectura.

f) Respectamos, no plano léxico, numerosos arcaísmos e diferencialismos que cumpren unha función importante no contexto medieval da obra: «descasí» (sen embargo), «brada» (clama), «desfacemento» (ruína), «vindoiro» (futuro), «macán» (pomo), «afotado» (afanado), «afiuzanza» (confianza), etc.

g) Substituímos o coloquialismo «boeno», por «bon» ou «ben».

Advertimos, finalmente, que a traducción castelán que editou o autor en 1957 segue literalmente o orixinal galego e son perceptibles certos galeguismos morfosintácticos.

Xosé Luís Axeitos
A Coruña, 1994

A Soldadeira

En Compostela e nas súas bisbarras, no século XV.

Personaxes

MINIA, A Soldadeira.

Campesiños actuaes

O CAMPESIÑO MOZO
O CAMPESIÑO MAIOR
O OUTRO CAMPESIÑO.

Xefe da guerra campesiña

RUI XORDO

Campesiños medievais

VASCO DE MAZARELOS
PEDRO VINAGRE
RUI GARCIA
XIL FREIRE

PEDRO ARMEIRO
MARTIN EANES
MARTIN DE ARCA

Artesáns e menestrais medievais

MESTRE OURO
MESTRE CEREIRO
MESTRE SANTEIRO
MESTRE FERREIRO
MESTRE CONCHEIRO
O CARNICEIRO

O FORNEIRO
O CANTEIRO
O CARPINTEIRO
O CORDOEIRO
MESTRE TOUCIÑO

Outros persoaxes

O CEGO
O TOLO PROFÉTICO
UNHA VELLA
UN VELLO
PRIMEIRO PEREGRINO

SEGUNDO PEREGRINO
PRIMEIRO FALSO CABALEIRO DE
SANT IAGO
SEGUNDO FALSO CABALEIRO DE
SANT IAGO.

Fuxitivos (homes e mulleres), gaiteiro e mozos que bailan a danza das espadas.

Cuasi tódolos actores teñen de facer dous papeis.

A obra pódese representar, se se quere, ao ar libre, no meio dunha feira galega, alternando as andanzas entre os arbres e os postos dos feirantes, ou nunha estrada, entre as tendas, as tabernas e os arbres. Os automóveis de liña e camións poden servir como fondo da decoración.

As frases que di *O tolo profético*, (que manterá en toda a obra unha actitude hierática e sobreparará en altura a todos, podendo pra elo empregar zancos) son citas da «Epístola de Sant Iago, «As doce tribus da dispersión».

Acto I

(Algúns obradoiros de acebecheiros, cereiros, imaxineiros, ourífices, etc, na praza das Praterías compostelán. Ao traveso das portas vese traballar aos oficiais e dependices. Na praza, cos obradoiros, están algúns postos de mercadores. Nos locais distes colgan tecidos multicores e diversas crases de calzado de época.

Tamén, noutros, gran variedade de ouxetos adicados ao culto. Na porta dos obradoiros e das tendas están algúns artesáns e tendeiros que agardan a procesión de San Cosme e San Damián, patronos da cofradía dos barbeiros e sangradores, que pasará ao remate da escea. Todos eles visten traxes de época, de acordo co seu oficio.

Minia, A Soldadeira, detense a falar con algúns deles. Viste saia de coor morado carmesí, con manga de punta de veludo preto, roupeta de damasco pardo e corpiño de tafetán amarelo. Arredor do pescozo un sartal de garnado con lisonxas. Fala con desenfado.

Nun anco do esceario tres campesiños con traxes actuaes de pana con remontas. A súa beira, no chan, teñen fouces e apeiros de labranza.

A SOLDADEIRA

(Ao ouríفة). Mestre Ouro, tería que voltar á guerra contra dos mouros, pra podervos mercar esa cófea que tedes inxeniado de sapos de ouro, de canotelos con rosicler, que é tan fermosa...

MESTRE OURO

(Insinuándose). Se ti quixeras, Soldadeira, terías eiquí mesmo motivo de guerra. Aínda os tempos non son bos, quizais podería trocarche isa cófea que tanto che gusta por algo que ti sabes, e que...

A SOLDADEIRA

Ai non, Mestre Ouro, non sigades. Os tempos non son tampouco bos pra isa cras de embrullos que pedides. Non son nin pra vós nin pra min. Tedes moito con pensar na vosa cofradía. Polo de agora quedareime sin cófea de ouro.

MESTRE OURO

Boeno, agardarei. A cófea sabes que podes tela cando ti decidas.

A SOLDADEIRA

(Interrompéndoo). Ben, Mestre, deixe a cófea onde está, sobor do seu terciopelo morado. Teño por seguro que faredes outra mellor. Unha guerra importante avecfñase, i eu...¡Cale, por Deus!, ahí ven o voso veciño, o Cereiro. *(Dirixíndose a este)*. Mestre Cereiro, hoxe tedes a faciana da cóor dos vosos cirios. ¿Qué vos pasa?

MESTRE CEREIRO

(Home mozo, alombado, ca faciana chuchada e descoorida). Déixate de lérias, soldadeira.

A SOLDADEIRA

Non é leria. Refírome á vosa cara amarela.

MESTRE CEREIRO

Ninguén está pra enredos. Pódese decir que cada día do ano nace un trabuco. Nesta cidade nacen máis trabucos que nenos.

A SOLDADEIRA

¡Vaia! É natural que nacendo os trabucos no Cabildo, nazan niste máis trabucos que nenos. Aos coengos, Mestre Cereiro, estalles permitido facer púbricos os trabucos, mais os nenos...

MESTRE OURO

(Que cambiou de aitude ca soldadeira ao chegar o Mestre Cereiro). Non vas a nos facer creer que sabes moito de coengos. Non digas herexías e dinos que che trae. Algo tiñas de contarme que non era leria cando chegou o Mestre Cereiro. Di, podes falar con afiuzanza. ¿Porque deixachel-a casa dos teus pais na montaña e volviches ás túas roupas de soldadeira? ¿Queres darlles máis desgostos?

A SOLDADEIRA

¡Hipócrita! Rematades de falarme noutro ton e agora semellades recusarme. Pero, ¿é tan de afiuzanza iste cara de orina? *(Ollando pró Mestre Cereiro con desdeno).* ¿E logo os cereiros non pasan o día dando voltas aos claustros pra se atopar con coengos e vellas, que é o mesmo pra eles que toparse encárregos? *(Esaxerando a bulra).* ¡Ouh, Mestre! mandádeme uns cirios pro lume dun altar que ti sabes e que eu sei...

MESTRE CEREIRO

¡Cala, deslingoad! Tes a boca que corresponde ao teu condenado oficio. Cando túa nai...

A SOLDADEIRA

(En actitude desafiante). Esquézase da miña nai, ¡mexa na cama!

MESTRE OURO

¡Bueno! ¡Bueno!...Haxa paz...Os tempos non están pra discutir por calquer cousa. O Mestre Cereiro, cecais teña o character que lle requer o oficio. Mais, podes falar, Soldadeira, con toda afiuzanza. Di o que ibas contar.

MESTRE CEREIRO

(Queixoso). Mestre Ouro, tampouco vos tedes que falar así de min. Non sei que vos traedes os dous, mais...

MESTRE OURO

(Facendo unha carantoña de paciencia). ¡Deixarvos de monsergas! O andar con vellas faivos un pouco barafulleiro. Cavilade nos ducados que pagaredes ao Cabildo denantes de fin de ano e deixade en paz o oficio da Soldadeira, que a vós nin a min non-os custa. *(Aparte).* A min soio unha alferga de ouro que non serviu de ren. Di, Soldadeira, di que che trae e di o que ibas decir. O Mestre Cereiro é damaña afiuzanza e sabe dabondo do que ti, ao mellor, vas falar.

A SOLDADEIRA

Se lle tedes afiuzanza, decídello vós. Eu non lle teño ningunha e digovolo ao ouvido pra que conte a miña nai que vos murmurei algo na orella, ao mellor pra me quedar

cun macán de prata pra arumes, ou cunha peza de ouro esmaltada. (*Sácalle a lingoa ó Mestre Cereiro e ponse en punta de pé pra lle decir algo no ouvido do Mestre Ouro*).

MESTRE OURO

¡Aha! Ca derradeira lumarada do monte...¡Vaia!, Mestre Cereiro, eso é o que quería decir a Soldadeira. Algo que vós e eu agardábamos. Craro, Mestre Cereiro, que tamén me tivese gostado que me dixera algunha outra cousa ao ouvido. Algunha disas cousas que fan persignarse á maioría das vosas sareiras. Non a todas, Mestre Cereiro, non a todas. Algunha disas vellas que tratades son peores que a Soldadeira. Andade, decídelle a nova ao Mestre Acebecheiro e logo ídevos á vosa cofradía que eu vou á miña (*Achéganse outros artesáns e mercadores. A Soldadeira alónxase diles dirixíndose ao fato que compoñen o Mestre Concheiro, o Mestre Imaxineiro e o Mestre Ferreiro*).

A SOLDADEIRA

¡Eih!, Mestre Santeiro. ¿Non queredes un belido rostro pra copiar e facer unha virxen?

MESTRE SANTEIRO

Os tempos non están pra soldadas. Unha boa María Magdalena faría eu de ti. Iso facéndote cristiana, pois de tanto andar tras de xograres e mendigos en guerra de mouros, poida que ata tiveses perdido a posibilidade de selo.

A SOLDADEIRA

Pois tampouco vós tedes a cara de santos que adoitades facer e ren dos seus hábitos, pol-o que sei. De calquer modo preñovos ao Mestre Cereiro, que alá está consolándose co Mestre Ouro. (*Sinala ó fato do Mestre Ouro e o Mestre Cereiro, arrodados por artesáns e mercadores, cos que falan en voz baixa*).

MESTRE SANTEIRO

Se non queres pousar agora pra unha imaxen, dentro duns anos soio servirás pra facer algunha «Nai-Tola» coma isa que contan os pelengríns franceses que eisistía en Dijon. Pra entón fareite desguedellada, cun bonete amarelo, bermello e verde prá testa e ei de te cobrir de axóuxeres e campaiñas. Heite labrar en madeira unha manía con testa de tolo e un selo pra que outorgues dipromas aos pretos cabaleiros que te armaron en terra de mouros.

MESTRE FERREIRO

O Mestre Cereiro regalarache a cera bermella.

A SOLDADEIRA

¿Adiviñades o porvir, Mestre Santeiro? ¡Que lástima non ter o voso oficio pra facervos, tamén coma en Francia, «Abade dos cornudos»! (*Fai os cornos cos dedos índice e meniño das dúas mans*). Tedes unhas barbas que non merecedes. Véñienlle mellor ao Mestre Ferreiro, ¿verdade Mestre Ferreiro que vos merecedes isa barba, aínda que a cuspades de carraxe cando zorregades na vosa muller coma se zorregásedes na zafra?

MESTRE FERREIRO

¡Desvergoñada! Vaite deiquí se non tés cousa máis importante de que falar. Andas marmurando, xogando e rindo cando se vive, como agora, unha idade de ferro.

A SOLDADEIRA

Unha idade de ferro, Mestre Ferreiro. Non facedes senón aludir ao voso oficio. Unha idade de ferro, pro non facedes ren por fundilo. Namentras tanto martelades na vosa muller.

MESTRE FERREIRO

¡Cala, barragá de mouros, ou zorrego en ti! (*Fai ademán de zorregala. Interpóñense o Mestre Concheiro e o Mestre Santeiro para evitalo*).

MESTRE CONCHEIRO

(*Que ata ise intre non fai máis que depinicarse as barbas e sorrirse*). Acougádevos. Sempre foi o mesmo. Mais a pesares do seu oficio non é mala. Algo a trae pra deterse a falar con nós a ista hora. ¡Vamos, Soldadeira! ¿Que xogo traes?

MESTRE SANTEIRO

Se traes dados vaite á taberna, ou ao adro de Salomé onde os mendigos xóganse o que acugulan en esmolos, e non molestes aos homes honrados.

MESTRE CONCHEIRO

Se traes algún advertimento máis perigoso, dío dunha vez. Todos estamos dabondo inqedos cos derradeiros acordos do Cabildo coma pra distrairnos contigo.

A SOLDADEIRA

Escoite, Mestre Concheiro, o que dixen a iste (*senalando ao Mestre Ferreiro*) que ceiba faíscas coma a forza de Vulcano, e o que dixen a iste (*senalando ao Mestre Santeiro*) que pon o xesto enfasiado dun santo de pau, mais ten ánima de gárgola, que me morra se non é certo; pero diso xa falaremos outro día.

MESTRE FERREIRO

¡Non! ¡Tes de falar agora mesmo! ¡Raposa! ¡Bibrona! *(Cóllea pol-a cintura e érguea no ar coma se a fose azoutar. Impídenllo o Mestre Concheiro e o Mestre Santeiro).*

MESTRE CONCHEIRO

Deixádea, Mestre Ferreiro. Acougádevos. Non fagades caso dela que ninguén lle dá creto. E ti, Soldadeira, vaite e dinos o que queres.

MESTRE SANTEIRO

Vou facer que che boten da cidade e cando voltes, de vella, nin tan siquera servirás pra facer unha «Nai-Tola». ¡Despiolladora de soldados!

MESTRE FERREIRO

Gostaría de te facer grillóns prós nocelos. ¡Estroza xergóns!...

A SOLDADDEIRA

(Dirixíndose sobre todo ao Mestre Ferreiro). ¡Porra! Veremos se dentro de poucas horas tedes tanta forza nos brazos pra derrubar torreós coma tedes na língoa pra ameazar mulleres e tamén zouparlles. Si, zouparlles, Mestre Ferreiro. ¡Vaia valentes! Escolitade, Mestre Concheiro. *(Achégase ao ouvido diste e dille algo en voz baixa. Soio se percebe ao remate unha frase a meia voz)*... ca derradeira fogata do monte...

MESTRE CONCHEIRO

¿Escoitáchedes? Ca derradeira fogata do monte...¡Por fin, Mestre Ferreiro e Mestre Santeiro! ¡Correde, correde ás vosas cofradías e avisade nos obradoiros! ¡Axíña, correde!... E ti, Soldadeira, vaite, que non te vexan por eiquí. ¿Avisáchelle ao Mestre Ouro?

A SOLDADDEIRA

Si, avisei. A il e ao Mestre Cereiro. Pro non albrotedes tanto que daredes que sospeitar. E agardará a procesión que pronto vai pasar e encomendaríalle a ises *(sinala despitivamente ao Mestre Ferreiro e ao Mestre Santeiro)* que non se metan cas soldadeiras, os xograres e os mendigos, que son oficios que serven pra cousas coma istas máis que calquer outro.

(Os tres Mestres invitan algúns outros artesáns a xuntarse ao seu fato e falan en voz baixa. A Soldadeira sae meneándose adivertida, tirando ao ar, ca man dereita e recolléndoos ca esquerda, cada ún dos cinco dados. Diríxese aos tres campesiños actuaes que ata ise intre estiveron sentados ollando a escea, silandeiros, apoiados nos seus caxados e varas de aguillada).

A SOLDADEIRA

(*Acomodándose entre iles de costas ao público, cos brazos en xarra*). E vosoutros, miñas xoias, ¿que facedes eiquí? ¿Viñéchedes ao mercado, ou que? Parecedes pasmados. Todo vos parece mentira, ¿non é certo? A ver ti ¿que pensas? Tés bo físico, mais ao mellor non pensas ren. Emporiso algo debes pensar. Tés ollos que non parecen de parvo i eres capaz de sorrir. A ver, di que pensas, e sinón di ti que tés unha barba que percisa do traballo conxunto de San Cosme e San Damián, patronos da cofradía dos barbeiros e sangradores que axiña pasarán por eiquí. ¿Fixéchedes bo choio no mercado?

O CAMPESIÑO MOZO

(*Reflexivo e cuasi sen ollala*). ¡Bonito choio se pode facer no noso tempo!... Todo o leva o Axuntamento e a Diputación Provincial. Pagamos impostos deica polas galiñas e os cás, e por ahí dise que teremos que pagar tamén polas fenestras das casas.

O CAMPESIÑO MAIOR

Viñemos vendel-as vacas e do que nos diron apenas nos resta pra tomar unha cunca de viño, após de pagarlle ao recaudador das contribucións. Mais a ti, (*ollándoa abertamente*) en troques, se ve que che vai ben.

O CAMPESIÑO MOZO

¿E ti andas con algún deputado provincial, ou déixaste querer dalgún persoaxe do réxime? Se fose por min xa estaba en América, como Antón de Maquía ou Bieito do Cotón que ata parece que teñen automóvil. Polo menos viven coma persoas.

A SOLDADEIRA

Ben, non sei que é América. En canto ao meu negocio é máis complicado que achegarse a un dises persoaxes que ti dis. En todo caso teño de facerlle carantoñas a moitos. ¿Non me víchedes con ises? (*Sinala aos artesáns medievaes*). Pois ises tamén son persoaxes e queren selo máis. Merécenno, polo menos teñen un oficio e traballan. Tamén se queixan do tempo en que viven e dos impostos. A ises non llos cobra a Diputación Provincial, pro cóbrallo o Cabildo. ¿Que vos parece iso?

O CAMPESIÑO MAIOR

Pois, ¿que vai parecernos? Son xente da cidade. Se traballan non o parece. As xiadas e a saravia non molestan nos seus traballos. Eu estiven eiquí outra vez e tiñan outras roupas e outros modos. Mais a xente da cidade cambia de roupa moi a miudo. Son un pouco tolos e sóbranlles os cartos.

O OUTRO CAMPESIÑO

Si, son un pouco tolos, menos cando se trata de vender. Entón, ¡vaia se son cordos! A min as roupas tampouco me chaman moito a atención. Unha vez estiven eiquí polo Antroido e vinnas máis disparatadas.

O CAMPESIÑO MOZO

Descasí véselles preocupados. Tanto coma nós. Fan roda antreles, falan, falan, eu algo ouvín. Algo así como «ca derradeira fogata do monte...» (*dirixíndose á soldadeira*). Pero ti ¿que lles decías a iles?

A SOLDADDEIRA

¡Home, nin tan siquera sabes que son eu! Aínda non me dixeches se son bonita ou fea e ¿xa tes celos? A iles coñézoos. A ti non. Aínda que podó decir que coñezo aos teus.

CAMPESIÑO MOZO

Bonita es bonita, e andas ben vestida, mais celos non teño porque telos, ¿entendiches? Agora, dos meus si que non me parecec.

A SOLDADDEIRA

Si, dos teus. Soio que salín pra facer a América, coma ti dis, por terras de Castela e de Andalucía. Si, dos teus. Dises que pra consolarse axiónllanse nos cruceiros dos camiños e pregan pra que El Señor os libere das saravias, das xiadas e dos cobradores de impostos. Século tras século, ¿entendiche, meu garrido?

O CAMPESIÑO MOZO

Amodo. Nada de meu garrido. Nin tan siquera sei como te chamas nin quen eres.

A SOLDADDEIRA

Ben...Chamar, chámome Minia... Pro quen son non cho podó decir polo de agora. Direicho, quizais, co tempo. O que me gustaría saber de vós é que pensades do que acontece.

O OUTRO CAMPESIÑO

Mellor é que non faledes. Ao mellor con quen ten que ver é ca policía.

O CAMPESIÑO MAIOR

As vegadas, na cidade, veñen mulleres coma ista, ou homes coma ises (*sinala aos artesáns e mercados*), que parecen moi bonitas e respetabeis, falades un 119

pouco porque vos merecen consideración, logo veñen outros con uniforme e lévanvos...

O OUTRO CAMPESIÑO

Si, maxínavos políticas, que se sodes deste partido ou do outro e métenvos na cadea, acrecéntanvol-os impostos e déixanvos a pedir.

A SOLDADEIRA

Escoita ti, ¡cara de pan!... Eu non son disas.

O CAMPESIÑO MOZO

Non, parece non ser disas. Eu fiaríame. Mais o que tiñamos que decir xa o temos dito e tamén ti o dixeches. Saravias, xiadas, contribucións. As agachadas do recaudador de impostos, da garda civil, do cacique. Vivindo, sacando o chapeu e dicindo toda a vida «¡Vostede perdoe!»...

A SOLDADEIRA

Ben, iso é o que eu quería escoitar. Agora, escoita ti... ¡Ah, pro ahí ven a procesión, deixémolo pra logo...

(Escóitase música de chirimías e cae o pano pra dar paso a outra escea).

Acto I

Escena II

(Unha taberna dos arrabaldes de Compostela. Ao fondo o fogar aceso, a carón do lar dous vellos que se quentan as mans e os pés. A banda dereita toneis, pelexos de viño, xamóns pendurados e ristras de chourizos. No meio algunhas mesas de pino blanco, ás que están sentados o Carpinteiro, o Canteiro, o Cordoneiro, o Calceteiro, o Forneiro e o Carniceiro. Representantes de cada gremio que terán de se caracterizar no traxe polas diferenzas de oficio. Teñen, diante diles cuncas e xarras de viño e están falando en voz baixa cando se ergue o pano e entran os campesiños actuais e a soldadeira.

Un cego, antre as mesas do lar, ao fondo, afina a súa vella zanfoña. Sirve na taberna o seu dono, gordo e coorado, a quen chaman os seus parroquianos en broma, Mestre

A SOLDADEIRA

(*Ao campesiño mozo*). Non me fagas máis caso do preciso e non me preguntes demasiado quen son. Díxenche que me chamo Minia, mais tamén podo ser a fada que peitea cabelos de ouro ao pé da fonte do Prado de Cimadevila, na túa aldea, e é posíbel que non teña idade. ¿Ou ti non crees nas fadas? (*Diríxese a todos*). Ollade. Ista é a taberna que vos dixeran. Podemos sentarnos naquela mesa, (*sinála unha mesa valdeira que está á esquerda do esceario, poñendo as súas fouces e os outros apeiros de labranza no chan. A Soldadeira séntase á beira do Campesiño Mozo*). (*Dirixíndose a iste*). Ti góstatme, mais preguntas demasiado. Cantos anos teño, de onde son, que fago, de que familia veño, a quen coñezo... Se son rica, se son probe... E non te contenta, como tivera de ser, o soio ollarme. Penso que es moi calculador, o cal avense ben co teu oficio. É posíbel que sexa a fada da fonte do prado e iso tería de te cumprimentar, pois tocándoches así (*agarímalle a cara*) igoal podos traer sorte que desgracia, todo depende das túas virtudes ou do teu amor. Se ti queres, son a fada. Eu quero e pódoches dicir que teño un tesouro escondido: unha pedra esculpida garnida de ouro, unha sortella de cornalina grande, un cofre de fío de prata, un perfumeiro, unha pedra de aguia. Un tesouro como teñen total-as fadas, incluso a de Cimadevila.

O CAMPESIÑO MOZO

Falar, falas ben. Tés boa labia, e gostar góstatme, pro quixera saber de ti. Xa che dixeran que me fiaba de ti. Díxenno, máis que nada, porque algo téns na túa faciana que me gusta, aínda que non sexas percisamente unha fada. Pode ser que sexas dos meus, aínda que se a eres moito che fixo cambiar outra vida. As mulleres do meu oficio non teñen traxes como o teu, nin esas mans, nin se coidan a cara e o cabelo como parecetes coidar ti dos teus... ¡Vaia, Minia, como dis que te chamas, di quen eres!

A SOLDADEIRA

¡Diaño, que es porfiado! Despois de todo, ¿que che importa se ao mellor a partir de agora non voltas a verme? (*Dirixíndose a todos*). Mais, escoitade a ises menestrais que parecen estar violentos, terán novas de algo que eu sei.

(*O Campesiño Maior e o Outro Campesiño estiveron atentos á conversa dos menestrais, que cada vez falan máis alto. Achégase Mestre Touciño, sírvelles viño nas cuncas e pousa a xarra no meio da mesa sen deixar de estar atento ás conversas da mesa central*).

MESTRE TOUCIÑO

(*Cando remata de botar o viño*). Eiquí tedes un bo viño do Ulla. É do que mercan os pelengríns ao voltar ás súas terras. Atendede ao viño e aos vosos choios, coma eu atendo a servirvos e non fagades moito caso dises.

O CARNICEIRO

(*Dirixíndose con violencia ao cordoneiro, ao carpinteiro, ao canteiro, e petando co puño na mesa*). Non sei porque ides poñer en dúbida o que vos digo. Fai polo menos

sete días longos que non entra cuxo nin porco en toda a cidade, e que non teño carne para servir aos clientes. Se non pasa algo é cousa de maxia.

O FORNEIRO

(Dende a mesa da carón dirixíndose ao Carniceiro). Si, estou dacordo contigo. Algo pasa, aínda que todos istes non-o crean. Tampouco a min me chega fai moitos días trigo nin centeo. Facía tempo que o meu forno non se apagaba. Alguén dixo que os labregos voltan a estar en guerras. Se tan siquera tivésemos novas...

O CANTEIRO

É posíbel, se é así quizáis tamén sexa ista a nosa oportunidade.

O CARPINTEIRO

De selo, teríamos novas.

O CANTEIRO

Ista cras de novas non se anuncian con gaitas.

O CARPINTEIRO

Pero ti sabes que as teríamos.

O CANTEIRO

Si, saber sei, mais como poden chegar, por cal conducto, eso si, non-o sei.

O CARNICEIRO

De modo que comezades a desafiuzar de que eu teña razón. Sen un cuxo, nin un porco en oito días longos...

MESTRE TOUCIÑO

(Que se achega á mesa do Carniceiro). Sete, dixeches denantes, Carniceiro.

O CARNICEIRO

¡Vaia, Gordo Touciño! Igual me dá sete que oito. O caso é que non entran nin cuxos nin porcos e algo pasa que descoñecemos. Ter que pagar impostos o mesmo sin sacrificar nin unha res. ¡Cristo! A guerra teríamos de facela nós.

O CANTEIRO

O CARPINTEIRO

¿Acaso non sabes que a faremos?

O CORDONEIRO

Quedar, quedamos en que a faríamos.

O CARNICEIRO

Si, xa sei, quedamos en facer guerra, mais ¿cando? ¿Cando soio poidan encher o estómago nista cidade iste (*pol-o Mestre Touciño*) e o Cabildo?

MESTRE TOUCIÑO

Escoita ti, matachín. Eu deica agora non dixen ren dos meus impostos e das festas que dan os cobradores enriba, no sobrado, prometendo pagar algún día cando acrezan aínda máis os impostos.

O CANTEIRO

Pro estás gordo, a pesares diso.

MESTRE TOUCIÑO

Se estou gordo e me chamades Touciño é porque isa é a miña condición, mais o certo é que a miña bolsa enfraquece en proporción inversa ao medro da miña gordura. Seméllase á bolsa de calquer pelengrín galopín e non á dun honesto comerciante coma min.

O CORDONEIRO

Quedar quedamos en que faríamos a guerra se os do Cabildo continuaban gobernando así.

O CANTEIRO

Si, niso estamos. Soio falta o sinal, se é certo que os labregos están en guerra.

O CARPINTEIRO

Pois o sinal ten de vir de un intre a outro. (*Como fixándose de súpeto na Soldadeira*). Mais ¿que fai isa eiquí? Deica agora nunca se tiña atrevido a entrar nun sitio como iste.

O CORDONEIRO

Soio andaba pol-os arredores da catedral, por ante as tendas e os obradoiros de acebecheiros e prateiros.

O CARPINTEIRO

(*Dirixíndose á Soldadeira*). ¡Eih, ti! ¿Que fas eiquí?

A SOLDADDEIRA

(*Erguéndose e decíndolle ao Campesiño Mozo, ao tempo que lle agarima o cabelo*). ¿Ves, como son unha fada? Deica agora eles non me enxergaban e ti si. (*Diríxese á mesa dos menestrais*). ¿Por que berrades tanto e poñedes isas caras tan foscas? (*Ao Mestre Touciño*). Traédeme aquela cunca. (*Sinala a mesa dos campesiños actuais*).

O CAMPESIÑO MOZO

Que non é unha fada estou seguro. Nista cidade todos a coñecen. ¿Será deiquí e en que choios andará?

O CAMPESIÑO MAIOR

(*Dirixíndose ao Campesiño Mozo*). Calquer saia vírate tolo. Cala. Escoita a ises. Ise Carniceiro di que fai sete días que non traen vacas á cidade e nós vendemos hoxe as nosas na feira. ¿Quen entende isto? Ademais falan de guerras e de impostos e a nós conven-nos saber que cavilan os da cidade dos impostos. (*Novamente dirixíndose ao Campesiño Mozo, que fai contianza de erguerse*). ¡Séntate e escoita!

O CAMPESIÑO MOZO

As vegadas, ollándoa parece unha fada.

O CARPINTEIRO

(*Á Soldadeira*). Preguntábache que facías eiquí. A ista hora nunca, que seipamos, tiñas entrado na taberna.

O CANTEIRO

Deixabas a taberna pras vellas que afogan as súas lembranzas en viño, mais ti, cuasi unha dona polo aspecto e polas relacións, non entrabas nila.

O CARPINTEIRO

¿Víchela algunha vez, Mestre Touciño?

MESTRE TOUCIÑO

Home, ver vin-a mais non na miña casa, polas rúas, xunto da catedral e agora fixándome non sei se traerá algunha complicación. Veu cuns homes que visten de xeito estrano.

O CARPINTEIRO

Son labregos, ao menos parécen-mo, e non pelengríns de outras terras que quizais poderían vestir así.

A SOLDADEIRA

Carpinteiro, ¿para que me chamáchedes? Estábades discutindo sobre algo que vos afervoa. Prestei atenzón ao que decían o Carniceiro e o Forneiro, mais ¿para que me chamádeches?

O CARPINTEIRO

Pois... porque se podes tomar un vaso de viño con aquiles, ao millor podes tomalo con nós, despois de todo, a pesares dos traxes, somos, con seguranza, menos xíbaros.

A SOLDADEIRA

Creín que agardábades outra cousa. Falábades de guerra e iso a min interésame.

O CANTEIRO

¡Xa! ¡Sabemos que che interesa! Coido que delas vivides ti e algúns xogrades, sen facela dende logo. Polo menos aproveitándo-a de diferente maneira dos capitás.

A SOLDADEIRA

Non, eu podo vivir de moitos xeitos. Podo vivir disto (*quita os dados da faldriqueira e guíndaos sobre da mesa*). ¿Non queredes xogar os aforros que gardades prós impostos ou agardades, verdadeiramente, que ises aforros os herden os vossos fillos e non o Cabildo?

O CARNICEIRO

Tamén ti nos supós aforros. Pola miña parte fai oito días longos...

MESTRE TOUCIÑO

Sete días dixeches denantes, Carniceiro.

O CARNICEIRO

Ben, sete días longos que non mato nin cuxo nin porco. Sete días ou oito días eche o mesmo.

A SOLDADEIRA

(*Dirixíndose ao Canteiro*). Podo vivir disto, ¿sabedes? (*Sinalando os dados e voltando a guíndalos*). E podo vivir ata de vós, Canteiro. Se de algunha maneira me atraísedes

e non tivésedes esas mans que esmaian canto tocan. De vós, se non tivésedes cuasi unha ducia de fillos e unha muller mártir de apandarvos. Podería vivir de vós e diste, e diste (*senalando un a un*) e diste e ata diste (*senalando ao Mestre Touciño*) que reservaría pra min o cuarto que destina aos señores párrocos da montaña, e non tivésedes medo das palizas que recibides da vosa muller, a valente Señora Magra. Todo se sabe, Mestre Touciño. O das palizas sábenno ata nos arredores da catedral e dentro dila. Os confesores coñecen ata o número exacto de paus que vos dá a Señora Magra. (*Dirixíndose a todos*). Podería vivir de cada un de vós, o leo nos vosos ollos. Mais a min repunádesme e prefiro aquil campesiño que se fía dos traxes máis que das verbas, e non está seguro, niste intre, se son ou non son unha fada. Un campesiño como meu pai, e como foron todos os nosos homes, reises, cabaleiros, cregos, ao comezo do mundo. Un home que cas súas mans, igualmente recolle unha pequeniña semente, ou macheta o tronco dunha arbre centenaria. ¿Como me agarimarías cas vosas mans cheas de sangue, Carniceiro? (*Dirixíndose a iste*). Batuxando todo o día en sangue, ollando a cotío animais que vos pregan cos ollos e que sacrificades. E vós, Mestre Touciño, ¿non vedes que rebatería e escorrería no voso corpo grasto como escorren e rebaten os paus da Señora Magra? E vós, Calceteiro, o máis calado de todos, óllate, ¿que tería de facer con vós? Se tivese que escoller oficio e non persoa, escollería o Carpinteiro, ou o Tecedor, se non fosen por tradizón máis devotos do viño que do fogar. Mais non coidaba falar disto cando aceptei a vosa invitación. Unha mesa sen cabaleiros, sen cregos ¡que descreto para unha soldadeira! Non, tiña que falarvos de algo que nos interesa a todos.

O CARNICEIRO

Non tanto noxo, Soldadeira moinante, contaxiada de Mahoma. Nada hai tan limpo como o sangue. Nin auga, nin alma, soldadeira, e menos a túa, emporcada dos cans dos camiños.

MESTRE TOUCIÑO

Soio o viño e o augardente, Carniceiro. Co augardente pódense curar feridas, erguer a esmaídos e trabar a fala de deslingoadas como ista.

O CEGO

(*Achegándose, ata ise intre estivo entretenido afinando a súa zanfona, escoitando a conversa, mais sin intervir nila*). ¡Deixádevos de contenciar! Ti, Carniceiro, escoita; e ti, Touciño, a quen debo hoxe pousada, viño pra quentar os osos e palla pra durmir, escoita tamén. Os camiños dista (*senalando á Soldadeira*), non son todol-os camiños, ou mellor dito, calquer camiño. Son camiños de ferro, sen cans, pousadas nin eirexas con adro ao que acollerse. Son camiños que van facéndose ao pisar dos soldados e están na terra de ninguén, en provincias de loita antre cristiáns e mouros. Soldadeiras e xograres aledan ises novos camiños. Iles son, prós barbudos e poeirentos cabaleiros que acuden a isas guerras, como unha primavera que luce en cores. Eu coñezo algúns dises viaxes. Fíxeno cas hostes dun señor diste país e coñezo á Soldadeira. A ista tiña que falarlle, precisamente, pra que vos falase. Todos os que andamos polos camiños temos unha lei e unha misión. (*Achegándose á Soldadeira dille algo ao ouvido que non chega a percibir o público*).

O CEGO

Si, ca derradeira fogata do monte...

A SOLDADEIRA

Isto foi o que me encargaron que dixese a todos após de estar certa diles, e así lle dixeran aos artesáns.

O CARPINTEIRO

¿Que segredos son ises?

O CEGO

(Dirixíndose ao Carpinteiro). Unha misión de cego é anunciar o porvir, improvisando romanzos logo de preguntarvos a cor dos ollos. Ca voz e a cor dos ollos, podo adiviñarvos o vindoiro. Pra decir o porvir do pobo enteiro bástanme as voces e as conversas que vou recollendo polas feiras e mesós. Saber que se di dos impostos, do estado das colleitas e dos tráfeos. escoitar ás xentes, como vos escoitei a vós. A ti, Carniceiro (*sinala co dedo aos interlocutores*) que te queixabas da falta de gando que sacrificar. A ti, Forneiro, que falabas do forno apagado e incluso a ti, Mestre Touciño, a quen non pagan as contas. Un pobo malsínase no que fala e é doado ventar o que pasará mañán ou dentro dun mes. A fatalidade dun pobo revélase nisas conversas. E hoxe podo decirvos que mañán ou un distes días teredes guerra. Unha guerra que vos afectará a todos. Algúns virán de fora que vos axudarán. Vosoutros queredes gobernar a cidade e outros, os campesiños, loitarán polo común. Unha guerra xusta, que os cegos teremos que narrar aos vosos netos cando pasen cen anos.

O SILLEIRO

(Irrumpindo exaltado na taberna). ¡Escoitade! ¡Escoitade! Acabo de enterarme que veñen os labregos sublevados cara a Compostela. Que rasouraron numerosos castelos e executaron a moitos nobres e fidalgos. Que son moitos millentos e andan ben armados e con bós xefes. Mándaos un fidalgo, Rui Xordo. Veñen a Compostela en procura de apoio. Temos de nos solidarizar con iles e aproveitarnos da súa forza.

O CARNICEIRO

É a oportunidade que agardábamos.

O SILLEIRO

Están mellor preparados que nós. Un tolo xigantesco ven con iles facendo profecías. ¡Non vos quededes pasmados! ¡Erguédevos a expandir a nova! ¡Venceremos! ¡Seremos máis dos que pensábamos! ¡Din que están perto do Pedroso! ¡Decide algo, non vos quededes así!

O CARNICEIRO

(*Erguéndose da mesa*). Cego, ahí ven a guerra que profetizabas.

O SILLEIRO

¡Xa estamos cuasi nila!

O CARNICEIRO

¡Eih!, ti, Carpinteiro, e ti, Canteiro, e ti, e ti (*dirixíndose a todos*), ide buscar aos vosos oficiais e enxeñarvos armas. Eu teño o coitelo presto e os brazos folgados distes días. (*Dirixíndose á Soldadeira*). Agora ollarás sangue en total-as mans, ti, Soldadeira, e non somentes o sangue inocente dos cuxos.

(*Érguense todos. Berran*). ¡A guerra! ¡Ao Cabildo! ¡A guerra!

MESTRE TOUCIÑO

¡Acougádevos! ¡Acougádevos! Nada de berros que me comprometan. ¡Por Deus, sentádevos! Ao mellor son falsas novas.

O CEGO

Non, Mestre Touciño, non son falsas novas. Son simplemente as novas de que teríamos que falarvos a Soldadeira e eu. (*A todos*). Mais non vos precipitedes. Preparádevos.

A SOLDADDEIRA

Debedes erguervos cando volo digan do monte Pedroso.

O CEGO

Alí acenderán fogatas e cando se apague a derradeira é cando teredes de decidirvos a asaltar o Cabildo. Nise intre os campesiños sitiarán os muros da cidade.

A SOLDADDEIRA

Ao apagarse a derradeira fogata do monte. Non denantes. Isto é o que vos mandan a decir os labregos. (*Dirixíndose aos campesiños actuais*). E vosoutros, vinde conmigo. Non vos quededes ca boca aberta. ¡Vinde, imos por ista banda! O voso sitio non está na cidade. Ti, o máis mozo, ven conmigo. Víndevos todos conmigo. (*Os menestrais van saíndo súbitamente reflexivos, falando antre eles en voz baixa*).

O CAMPESIÑO MAIOR

Nosoutros teremos de voltar á aldea. Na cidade todos están tolos. Falan de que faltan cuxos e de guerra, e nós saimos co abrete con cuxos e todo estaba en paz.

A SOLDADEIRA

Vinde connigo. Quizais vos interese. No pasado ollaredes o voso presente. Algo que entendedes e non entendedes. E ti (*dirixíndose ao Campesiño Mozo*) déixame que te leve. (*Vanse*).

A VELLA DO LAR

Sempre é o mesmo. Nada cambia. Nosoutros temos ollado moitas cousas e os probes sempre foron probes.

O VELLO DO LAR

Si, ollamos moitas cousas, pro se os probes non se sublevaran terían de ser aínda máis probes.

(Mestre Touciño recolle, silandeiro, as mesas. O cego, ao marchar, caíndo o pano, fai soar a zanfoña e inicia cantando o romance de don Gaiferos).

Acto II

(Nun descampado que semella o cume do Monte Pedroso, durmen, debrozados na terra sobor peles de carneiro, algúns campesiños. Todos iles teñen armas ou apeiros de labranza á beira dos seus corpos descoidados pol-o sono. Visten ao xeito dos comezos do século XV, mais teñen os traxes farrapentos e luxados. Entre iles fican algunhas brasas acendidas de fogatas e arredor dunha distas, onde aínda se erguen algunhas labaradas, está outro fato de campesiños, vestidos do mesmo xeito que os outros, conversando dispostos de diferentes maneiras e de pé. Son Pedro Vinagre, Rui García, Xil Freire, Pedro Armeiro, Martín Eanes e Vasco de Mazarelos, que a diferenza dos demáis cubre a súa testa cun capuz preto. A certa distancia de todos iles érguese unha gran forcá, da que penduran catro cabaleiros ricazmente enfeitados, cas mans atadas ás costas e os pés descalzos. Máis lonxe, outros delongan o seu desvelo beilando unha danza de espadas ao son dunha gaita. No decurso de algún tempo o fato que arrodea a fogata acesa, mantense silandeiro, atento ao ritmo da música e ao son producido polo bater das espadas. Algúns diles escaravellan con pequenos carabullos entre as brasas. No decurso de todo iste primeiro tempo, Vasco de Mazarelos cuberto de capuz e cun machado na man, mantense de espaldas aos seus compañeiros contemplando a danza. A unha beira, sentados, nun ango do esceario, os tres campesiños actuais do primeiro acto, que ollan reflexivamente o que acontece. Entre iles, apoiada nos xionllos do Campesiño Mozo, a Soldadeira. O Tolo Profético, de compridos cabelos e barbas brancas, vestido con hábito de estameña e apoiado nun micrófono que utilizará como longo caxado, di alto con voz tonante as frases a que denantes nos referimos).

O TOLO PROFÉTICO

«*Hei eiquí o xornal dos obreiros que teñen segado as vosas terras, o que por engano non lles foi pagado*».

VASCO DE MAZARELOS

Ehí está o tolo dicindo verbas de Sant Iago, o irmao do Señor, que parecen feitas pra hoxe.

XIL FREIRE

Olládeos (*senalando a forca*), como os move o ar da noite. Non lles fica orgullo. Dende ahí non poden zorregar campesiños, nin arrebatarlles as terras.

MARTIN ÉANES

Os corvos arrincaranlles os ollos como iles arrincaban os nosos.

XIL FREIRE

Xa non entrarán nas casas labradoras a valeirar celeiros.

MARTIN EANES

Nin se levarán pola forza as nosas mulleres e fillas.

XIL FREIRE

Ista forca é unha boa construción de Pedro Vinagre. Demostrou ser un bó carpinteiro. Ollade como a labrou con ornamentos pau por pau.

MARTIN EANES

(*Dirixíndose a Pedro Vinagre*). Ahí lucíchete, Pedro Vinagre. Ollade os ornamentos da banceira onde penduran isos. (*Volta a facerse novo silencio*).

XIL FREIRE

Parece que quixeran beilar e que se abaneasen ao son da gaita.

VASCO DE MAZARELOS

Deixa esas bromas, Xil Freire, xa están mortos e nosoutros en paz co iles.

MARTIN EANES

VASCO DE MAZARELOS

(Ollando cara á forca). Dende logo, isa gran forca non é da mesma estirpe que isas ordinarias que os nosos nemigos erguen pra os seus vasalos.

XIL FREIRE

Non podía ser menos, pois ista é a primeira vegada que a erguen os campesiños en homaxe aos seus señores.

PEDRO VINAGRE

Non coido que Rui García que teceu coidadosamente isas cordas enceirándoas con moito cariño, se tivese afotado tanto por tan poucos.

RUI GARCIA

É certo. Das miñas cordas tinxidas con diferentes tinxiduras vexetais e coidadosamente traballadas, poden pendurar a un mesmo tempo algúns distes fillos de Herodes.

(Comeza o abrente e na súa luz sobresaen istes campesiños farrapentos. Pedro Armeiro vixila os camiños que ruben ao Pedroso dende a cidade, sen alonxarse en demasía dos seus compañeiros cos que parola).

O TOLO PROFÉTICO

(Que se axeitou cuasi no meio do esceario). ¡Ampara iste sangue, Señor!...«Tedes vivido en ledicias sobor da terra, entregados aos praceres e tedes engordado pró día da matanza...»

PEDRO DE ARMEIRO

Por fin, dentro de poucas horas imos presentar guerra a ises teimados criados do Arcebispo e dos nobres que lle rinden vasalaxe en Compostela. *(Fai que cuspe no chan).*

VASCO DE MAZARELOS

Cos nosos chuzos e fouces esnaquizaremos as súas tobeiras.

PEDRO DE ARMEIRO

Prenderemos lume ós seus castelos e fortalezas, polo trunfo do común.

VASCO DE MAZARELOS

Após iremos ao sur, ás terras de Sotomaior, a proclamar o trunfo dos Irmaos de Galicia.

PEDRO DE ARMEIRO

Xa se ergueron os nosos en Deza e Padrón.

XIL FREIRE

Arde polos catro costados iste reino

VASCO DE MAZARELOS

Remataremos con todo poder que non naza de nós.

RUI GARCIA

O Arcebispo acóubanos a Freire de Andrade pra libralo do noso castigo, mais dentro de poucos días ollarémoslos aos dous pendurados como a istes (*senalando aos aforcados*). Pendurarán cos pés espidos do artefacto de Pedro Vinagre.

VASCO DE MAZARELOS

O Lope de Mendoza beilará co bonete posto. Pra min recramo a honra de ser o seu verdugo representando aos ministros do pobo e ao mesmo Altísimo.

O TOLO PROFÉTICO

Con igual xustiza que a exercida por Samuel.

PEDRO DE ARMEIRO

Terémolo revirándose implorante no chan. Será curioso ollar así a don Lope, o Arcebispo, en actitude de diaño de retabro.

VASCO DE MAZARELOS

Eu serei o Arcánxel. Quero ter a ise Satanás aos meus pés.

MARTIN EANES

Nada lle falta a isa cidade poboada de bezos, senón que lle fagamos xustiza con lume e piqueta.

RUI GARCIA

Debemos ceibar a tomba do Apóstolo da presenza de todo ise corrompemento.

XIL FREIRE

RUI GARCIA

Finxen que respeitan os seus osos e as súas cinzas.

O TOLO PROFÉTICO

O outro Sant Iago dixo: «E vosoutros, os ricos, chorade a berros sobor das miserias que vos ameazan». ¡Ampara o noso sangue, Señor!

VASCO DE MAZARELOS

A Compostela dímoslle máis vida nós que os pelengríns e as doazóns dos reises. Das nosas aldeas sairon os artesáns que labraron as súas sonadas pedras e que abriron as súas rúas agora apodrecidas.

O TOLO PROFÉTICO

«A vosa riqueza está apodrecida: os vosos vestidos están consumidos pola couza, o voso ouro e a vosa prata, roídos pola ferruxe».

RUI GARCIA

No decurso deste século guerrearon os clérigos de Compostela contra dos nobres pra arrebatarlles riqueza e poder. Fixéronno á sombra proteitora de reises e estranos, e barataron terras de labradío denantes de se ficar con ilas.

VASCO DE MAZARELOS

Escorrentaron e esnaquizaron o noso gando.

XIL FREIRE

Agora tallan arbres, róbannos e quéimannos os fogares. É o que nos toca sacrificar nista guerra.

RUI GARCIA

Mais nós derrubaremos as súas fortalezas máis carísticas de erguer que as nosas choupanas.

XIL FREIRE

Algo tocoulles a iles. Polas nosas mans e polas dos nosos irmaos xa arderon moitos castelos.

MARTIN EANES

Algunhas boas lanzas do Arcebispo e dos nobres e moitos peós pasáronse á nosa banda. Están fartos de pelexar contra irmaos.

XIL FREIRE

Si, tamén algúns clérigos están con nós. Non poden aturar que o Arcebispo dispoña a vontade das rendas da mitra.

MARTIN EANES

Algúns diles coidan, como os campesiños, que os bens e as riquezas desta terra son pró común.

XIL FREIRE

Sendo clérigos saben polos seus latíns que os froitos da natureza fíxoos Deus pra todos.

PEDRO ARMEIRO

(Aparte a Xil Freire). Freire, achégate a ver quen son aqueles que veñen arredándose do camiño. Non se distingue se son coñecidos.

XIL FREIRE

Parecen quererse atobar entre os carballos. *(Xil Freire desperta a algúns campesiños e con iles diríxese ao fato que apenas se distingue na débil luz da hora).*

VASCO DE MAZARELOS

(Ollando cara ó fato lonxano). A ista distancia parecen labregos coma nós.

PEDRO ARMEIRO

Temos que estar seguros. O escrúpulo en esculcar se son amigos pode sernos fatal.

VASCO DE MAZARELOS

Ao fin, xa veremos. Vou espertar a Rui Xordo. Quedei en facelo ao sair o sol. *(Dirixíndose a Martín Eanes e sinalando aos durmidos).* Avisa a ises que se ergan.

MARTIN EANES

Apenas queda xa ningunha fogata acesa e ca derradeira que se apague comeza o noso ataque. Ista é a orde de Rui Xordo.

VASCO DE MAZARELOS

(Marchándose). Ao son dun corno ergueráanse os artesáns na cidade. Nós teremos que estar listos pra asaltar nises intres os portóns das murallas.

MARTIN EANES

(*A Pedro Armeiro*). Vasco de Mazarelos é un dos homes máis arrizados dista guerra e merece ser a man dereita de Rui Xordo.

PEDRO VINAGRE

Ninguén lle nota sono nin fadiga. Parece como se acougase nistas loitas.

PEDRO ARMEIRO

Era criado dos Andrade, isa casa soberba e anterga, que ten barazo e coitelo sobre miles de homes. Eu conocín ao de Mazarelos nista guerra coma ti, e vímolos sempre ca testa coberta co capuz preto e armado dise machado. Il soio derrubou en Mesía a moitas lanzas e cabaleiros e a algúns salvounos a vida. Din que ista saña venlle de que os Andrade queimáronlle a casa e escarneceron á súa filla, que morreu de vergoña. Tiña ollos azuis e o cabelo loiro como a fror de toxo. Dende a morte da filla usa ise capuz preto e merece ser, polo seu esforzo, un dos xefes da nosa Irmandade.

PEDRO VINAGRE

Ben, basta de parolas. (*Dirixíndose a Martín Eanes*). Ti, fai o que che indicou Vasco de Mazarelos. Eu vou chegarme ao pé daquela fonte para derrubar algunhas encinas que a arrodean. Precisamos os troncos pró asalto aos portóns.

(*Os campesiños actuais ata ise intre están silandeiros, sen apenas moverse, atentos ao que acontece na outra banda do esceario. A Soldadeira ponse de pé a failles xestos bulrescos*).

O CAMPESIÑO MOZO

Dende logo, ista é unha belida historia.

A SOLDADDEIRA

É unha historia vosa, trátase de vós.

O CAMPESIÑO MAIOR

Si, pro eu cavilo que é máis que unha historia. Din as mesmas cousas que poderíamos decir nosoutros, e descasí parece que pasou fai moito tempo.

O CAMPESIÑO MOZO

Nós defendémonos agora dos caciques, das contribucións e da garda civil. Parece o mesmo.

O OUTRO CAMPESIÑO

O que contou Pedro de Armeiro de Vasco de Mazarelos e da súa filla é parecido ao 135

que fixo o Porco Bravo, ise cacique da montaña a Antón Ferreiro e á filla diste. Antón Ferreiro está agora en Buenos Aires.

O CAMPESIÑO MAIOR

En Gonzar o crego mandaba queimar os palleiros dunha casa labrega, porque un dos mozos non quería casar coa súa sobriña. Fíxoos queimar por varias vegadas.

A SOLDADDEIRA

Sempre resulta o mesmo. Por iso o voso posto é estar con iles. Ista historia reférese a vosoutros.

O CAMPESIÑO MOZO

Escoitemos. Dinse razóns que poderíamos decilas nós. Dixeron cousas que as ouvimos a cotío na aldea.

A SOLDADDEIRA

E que non queredes entender. Son alguén coma vós. Os vosos pais que loitan por vós.

(Xil Freire achégase ao centro do esceario acompañado de numerosos campesiños enfeitados con roupas farrapentas de liño, peles e longas capas de palla. Traen na man fources, machados, espadas, ondas e mazas. Son altos e anchos e brillanlles nas facianas loiras os ollos agudos e craros).

XIL FREIRE

(Adiantándose e dirixíndose a Pedro Armeiro). Son irmaos nosos da montaña.

MARTIN DE ARCA

(Sobresaíndose de entre os montañeses). Somos da montaña. Algúns de terras que renden servidume ao Arcebispo. Outros foron criados de casas abatidas da comarca que encerran o Tambre e o Ulla, aínda que uns poucos veñen de máis lonxe. Conmigo veñen homes de Gonzar, de Oínes, de Ferreiros, de Salceda, de Budiño, de Bama, de Touro, de Boimorto... Tivemos aviso do voso esforzo e acudimos a sumar o noso en prol diste reino e do común. Temos desexos de loitar á beira de Rui Xordo e de vós. Os nosos escudos están coma os vosos, sinalados polo traballo nas palmas das mans. Agachábamonos por costume. Dende fai meses andamos ao asexo coma os lobos. Agora tédesnos a rentes, somos tan habilidosos pra manexar as ferramentas de labranza prá guerra como pra segar con ilas a cebada e o trigo.

XIL FREIRE

PEDRO ARMEIRO

Ahí veñen Rui Xordo e Vasco de Mazarelos, iles sinalarán o voso sitio antre nós. (*Dirixíndose a Xil Freire*). Adiántate a anunciarlles a chegada distes.

MARTIN DE ARCA

(*A Pedro Armeiro, sinalando a forza*). Xa vemos que tedes unha estrana parra. Eiquí vos traguemos un inxerto pra ises paus. Proceden da montaña, onde os apañamos.

UN CAMPESIÑO

Poden servir pra renovar o ornamento.

(*A unha orde de Martín de Arca ábrese a ringleira dos campesiños e deixan ollar algúns cabaleiros cas mans atadas na espalda, os pés espidos e suxeitos por cordas enliadas ao pescozo*).

UN DOS NOBRES

(*Dirixíndose con violencia a todos*). Rui Xordo que é un fidalgo, non permitirá iste asoballamento.

OUTRO DOS NOBRES

Somos cabaleiros, e asegún as leises, os do noso rango non poden ser condenados á forza.

OUTRO DOS NOBRES

Ila inventouse pra os que non pertecen aos nosos linaxes.

PEDRO ARMEIRO

(*Ríndose*). Bó discurso. Si, sabíamos que isto (*sinalando a forza*) inventouse pra nós os labregos, mais como agora somos vencedores empregámola en vós, e así pendurados distes paus, armámosvos rústicos.

MARTIN EANES

(*Ameazándoos cos puños*). Dade gracias ao Señor de que non vos podemos o nariz, lingua, orellas ou as extremidades, como facedes cos nosos.

XIL FREIRE

Si, denantes de queimarnos ou de afogarnos, como ledo divertimento.

OUTRO DOS NOBRES

(A *Rui Xordo*, que chegou acompañado de *Vasco de Mazarelos*). *Rui Xordo*, mostra a túa fidalguía e ampáranos distes vilanos.

(*Cando chegan Rui Xordo e Vasco de Mazarelos todos os campesiños están ergueitos e poñen en orde os seus bagaxes de guerra, que se percibe que algúns perteceron a soldados e cabaleiros da nobreza. Rui Xordo, viste roupela de pano gris, calzón de sarga preta e botas altas, en condicións de uso semellantes ás roupas dos campesiños. Enfeita a súa cabeza un sombreiro moi usado de anchas áas ao xeito dos fidalgos*).

RUI XORDO

(A *Martín de Arca*). Aledámonos dos vosos esforzos. A ises (*senalando aos cabaleiros presos*), aprícalle ti mesmo a pena. Son os teus prisioneiros.

UN DOS NOBRES

(A *Rui Xordo*). ¡Es un arrenegado vendido ao común!

OUTRO DOS NOBRES

(A *Rui Xordo*). ¡Céíbame distas cordas, cobarde! ¡Traidor! Pelexarei contigo.

OUTRO DOS NOBRES

(A *Rui Xordo*). ¿Quen es ti, descastado, pra mandarnos á morte?

UN CAMPESIÑO

(*Con sorna*). ¡Diaño! ¡Que calen ises estorniños!

OUTRO CAMPESIÑO

(*Facendo xesto de paciencia*). Xa non tedes poder. Aínda que berredes ninguén vos escoitará.

OUTRO CAMPESIÑO

(*Cos puños ameazantes cara ós nobres*). Facelos calar. Poñédelle terra na boca pra que coñezan o seu gosto.

OUTRO CAMPESIÑO

(*Con sorna*). ¡Bo cobarde está feito ise *Rui Xordo*! Por mui valentes estades ataxidos como o gando.

UN DOS NOBRES

(*Ao derradeiro campesiño que falou*). Se é certo que é tan valente o treidor do voso xefe, deixádenos en liberdade de loitar co il e facelo voltar á lei dos seus avoengos. ¡Bandidos!

UN CAMPESIÑO

(*Dirixíndose aos seus compañeiros*). Chámannos bandidos os que veñen roubándonos de pais a fillos.

RUI XORDO

(*A Martín de Arca*). ¡Abonda! Lévaos contigo e fas con iles o que che pareza de xustiza.

CAMPESIÑO MOZO

Iste Rui Xordo parece un home xusto.

O CAMPESIÑO MAIOR

Si, un home xusto, pro no fondo non é dos nosos. É máis o do capuz preto, aínda que é misterioso en demasía. Quizais prefira os persoaxes segundeiros. Isto é coma o teatro

O OUTRO CAMPESIÑO

O pior é que esta revolta diríxea un fidalgo. Fai meio século outra semellante dirixíuna un crego. Non rematamos de alcontrar un dos nosos que nos dirixa.

A SOLDADEIRA

Diríxaa quen a dirixa ista é unha revolta que vos atinxe, é vosa.

O CAMPESIÑO MAIOR

Todo isto é como teatro. Non coido que chegue a resultado práctico algún.

A SOLDADEIRA

Aínda que che parezan cousas de teatro non o son. Debedes engadirvos a eles. Teatro ou non teatro, o problema é voso e é real.

O CAMPESIÑO MOZO

É posíbel, seméllase á nosa propia historia.

A SOLDADEIRA

E que é a vosa historia, aínda que non queirades recoñecela.

O CAMPESIÑO MAIOR

Si, cando non emigramos, sublevámonos se podemos. O certo é que eiquí non se pode vivir e sempre os motivos teñen que ser impostos.

O CAMPESIÑO MOZO

Pode que non sea teatro, senón unha especie de Santa Compañía. Unha visión.

A SOLDADEIRA

¡Deixádevos de visións e Santas Compañías! Ises que están ahí son dos vosos. ¿Non faredes ren por axudalos? Non podedes ficar indiferentes. (*Dirixíndose ao Campesiño Mozo*). ¿Como podes ti coidar que é a Santa Compañía?

(Dous homes de mediana idade, enfeitados con traxes de pelengrinos, con chapeus abeirados de vieiras, o mesmo que a curta capa que levan cima dos ombros, achéganse a Rui Xordo apartando aos campesiños).

O TOLO PROFÉTICO

¡Deus meu! ¡Ampara iste sangue, Señor! «Tedes atesourado prós derradeiros días...»

PRIMEIRO PELENGRIN

(En voz baixa, a Rui Xordo). Traemos o encargo de falarvos a solas, Rui Xordo.

(Rui Xordo arrédase dos campesiños acompañado dos pelengrins e ao coidado da ollada desafuzada de Vasco de Mazarelos, que se achega ficando a pouca distancia).

RUI XORDO

(Con coutedade). Decídeme que queredes e se ides ou vides de Compostela.

(Os pelengrinos manteñen os ollos baixos e fréganse as mans namentras que falan. As vegadas óllanse un ao outro. Os dous falan con voz parecida e acento extranxeiro).

PRIMEIRO PELENGRIN

Vimos de Compostela e pola nosa faciana podedes notar que non somos dista patria, 140 senón de outra lonxana, a moitos meses de distancia.

SEGUNDO PELENGRIN

Traemos pra vós dous encargos que comprimos por igual, pois somos alleos a toda bandeiría.

PRIMEIRO PELENGRIN

A nosa conciencia obríganos a ser leaes aos dous bandos, pois aos dous temos escoitado atentamente, sen parcialidade.

SEGUNDO PELENGRIN

Ti es quen ten que decidir e non nós.

PRIMEIRO PELENGRIN

(Dirixíndose ao Segundo Pelengrín). ¡Déixame falar! (Diríxese despois a Rui Xordo). O Arcebispo don Lope de Mendoza pregounos que vos vísemos pra ofrecervos, no seu nome, algúns bens exentos de todo gravamen nas terras de Pontedeume e pra que aceptedes algunhas lanzas e peós do seu señorío, así como vasalos dos Andrade que iste mesmo doaría. O Arcebispo prométevos, baixo xuramento, facer as xestións precisas diante o Rei pra elevar o voso linaxe.

SEGUNDO PELENGRIN

El non pode ver con pracer que un fidalgo da vosa moral e valentía, Rui Xordo, encabece un levantamento de vilanos.

PRIMEIRO PELENGRIN

Decídenos se iste ofrecimento vos parece porque así escusamos transmitirvos a segunda misión.

RUI XORDO

(Sorprendido e con carraxe cara ós pelengrínos). ¡Voltar a Compostela, ruín parella de grou! Segurarlle a don Lope que Rui Xordo non se prestou a dirixir istes homes na xustiza que piden imponendo o común, pra traicionalos como Xudas. Do linaxe cóidome ca honestidade dos meus feitos. Que coide o Arcebispo de defender a súa cidade.

SEGUNDO PELENGRIN

(Erguendo a vista). Bon, levaremos a túa resposta a don Lope, mais denantes pasamos a comunicarvos de parte dos xefes de algúns gremios da cidade, que iles están amañados pra erguerse ao voso aviso.

PRIMEIRO PELENGRIN

Cando se apague a derradeira fogata do monte.

SEGUNDO PELENGRIN

Recórdanvos que co toque dun corno, escomenzará a loita no recinto da cidade.

PRIMEIRO PELENGRIN

Que nese intre vosoutros teredes que atacar os portóns das murallas.

RUI XORDO

Estou abraiado, sodes verdadeiramente uns enviados curiosos. ¿Como podedes ser emisarios de dous bandos contrarios e irreconciliabeis? ¿A cal dos dous enganades, pelengrinos?

O TOLO PROFÉTICO

«Acaso a fonte bota polo mesmo cano auga doce e aceda?» ¡Ampara o teu sangue, Señor...!

PRIMEIRO PELENGRIN

Non enganamos a ningún dos dous bandos, quixemos somente probarvos.

SEGUNDO PELENGRIN

Somos enviados dos gremios e se vos mentimos ao facer a proposición do Arcebispo, foi pra coñecer a firmidade da vosa decisión.

PRIMEIRO PELENGRIN

Agora que a coñecemos estamos orgullosos de vós e seguros do trunfo.

PRIMEIRO E SEGUNDO PELENGRINOS

(Ao mesmo tempo). ¡Deus Fratesque Galleciae!

RUI XORDO

(Dubidando). Alédome de iso, pelengrinos, pois estaba a punto, polas dúbidas, de facervos pendurar.

O CAMPESIÑO MOZO

Non sei como Rui Xordo se fía distes, a min parécenme falsos.

A SOLDADDEIRA

O CAMPESIÑO MAIOR

Si, vese que ises pelengrinos son estranxeiros e un non se pode fiar de estranxeiros pra resolver problemas que non poden sentir.

A SOLDADEIRA

Olla, ti, patán. Aprende isto: non son malos por estranxeiros. Os estranxeiros que se meten nun país alleo pra resolver problemas, usan do creto bancario. Istes son, de certo, os malos.

O CAMPESIÑO MOZO

A min non me gusta nin o lingoaxe, nin o aspecto diles. Mais é posíbel que teñan no seu país os mesmos problemas que os distes campesiños.

O OUTRO CAMPESIÑO

Ben, quen sabe. Tampouco os artesáns queren iguais cousas que istes e descasí loitan xuntos. Paremos mentes a ver que acontece.

O CAMPESIÑO MOZO

De calquer xeito eu non me fiaría.

O CAMPESIÑO MAIOR

Rui Xordo parece demasiado xeneroso e afoutado, e iso é malo pra unha guerra.

A SOLDADEIRA

Pois vai alí e dillo. Debedes darvos conta de unha vegada que ise é o voso sitio. Que ises son os vosos. Que ata agora vós actuades eiquí somente como pantasma.

(Rui Xordo volta cos dous pelengrinos, que sorrín maliciosamente, cara o fato dos campesiños que acaba de deixar, e dilles unha curta arenga que todos eles escoitan con atención).

RUI XORDO

¡Escoitade todos! Istes que vedes eiquí, enfeitados de pelengrinos e que aínda non estou seguro de que o sexan, veñen a nos participar que os gremios da cidade están xa dispostos pra axudarnos na loita polo común. Cada un de nós temos recibido de Deus a benfeitoría de ser donos de nós mesmos, e non queremos que ninguén force as súas vontades, nin se faga dono, pola violencia, das terras que nos pertencen dende sempre. Teño loitado con vosoutros aínda sendo o meu sangue ceibe. Xuntos temos derrubado orgullosas casas de nobreza, pero aínda se erguen, pra facer sombra ó noso trunfo, numerosas torres e castelos por demoer e érguense as lanzas

de moitos que pretenden ser vosos donos e que son os vosos enemigos implacábel. Mais nós darémoslle unha batida temíbel se tomamos Compostela, onde se pecha tan preta tiranía como nos castelos dos señores... O Cabildo foi amigo noso denantes de adonarse, pra arrequentar os seus bens, de terras e feudos, e denantes de que afagase a reies extraños ao pobo. Os nosos avoengos defenderon iste reino dos invasores con moito sangue, cando os seus bispos non tiñan aínda traicionado a iste reino e eran tan santos como Pedro de Mesonzo. Logo servíronse do poder dos reies alleos e medraron a costa dos nosos celeiros e das nosas liberdades. O noso derradeiro Bispo chamouse «Cresconio o escomulgado» e foi aquel que enfrontou orgulloso ao Papa pra soste os dereitos de Compostela á Santa Sede. Traicionado polos que lle sucederon, entregouse Sant Iago a Roma e ás Cortes dos reies, trocando ista terra en humildosa satélite das demáis. O poderío do Arcebispo é tan malfadado pra nós como o dos nobres e a súa política xorda é samente útil pra aqueles que se enriquecen á súa beira enfeitándose con novas fachendas...

O TOLO PROFÉTICO

(Interrumpindo). «Ollade, pois, como polas obras e non pola fe samente se xustifica o home». ¡Ampara este sangue, Señor!

RUI XORDO

Con Compostela no noso poder trunfará, en toda Galiza, a guerra polo común e ista terra terá que ser de todos aqueles que a traballen en libertade.

(O parrafeo que sigue dos campesiños actuais, terá que simultanearse, no posíbel, co curto discurso de Rui Xordo).

O CAMPESIÑO MOZO

Góstame o discurso de Rui Xordo, aínda que ten historia por demasía.

A SOLDADEIRA

Ben, pois se che gusta non sei que facedes eiquí, pasmados, agardando que vos quiten as castañas do lume, pra logo benfeitarse distas loitas.

O CAMPESIÑO MAIOR

Quen di cousas con senso, mais que parecen sen senso, é o tolo.

O OUTRO CAMPESIÑO

Parece un ave de mal agoiro

A SOLDADEIRA

O CAMPESIÑO MOZO

Isa historia ao mellor é a nosa, mais nós non a coñecemos. De que a terra nos pertence, pareceunos sempre ata o intre de pagar os impostos. Entón, máis ben parece que a arrendáramos.

O OUTRO CAMPESIÑO

Non me gusta iso de que a terra será de todos en común, mais ben tíñase que facer que fora en certo de cada un.

O CAMPESIÑO MAIOR

Descasí, se todos traballásemos pra todos, é posíbel que gañásemos máis.

A SOLDADDEIRA

Iso discutídelo despois. O importante agora é vencer ao nemigo. Ahí non está presente, mais coñecédelo ben.

O OUTRO CAMPESIÑO

Ben, de todos xeitos isto é unha visión, ou é teatro, que é como outra visión.

A SOLDADDEIRA

¡Dalle ca visión!

O CAMPESIÑO MAIOR

A ises persoaxes acontecéelles cousas semellantes ás nosas. ¡Fixémonos! (*Todos dirixen a ollada cara á outra banda do esceario*).

O CAMPESIÑO MOZO

(*A Soldadeira que iba a falar*). Ti, cálate. En vez de estar quentando pernas, ves avesar o noso xuicio con historias. (*De seguida*). Perdóame, non souben o que dixen. Toda esta visión avésame. Non quero aldraxarte, Minia.

A SOLDADDEIRA

(*Dirixíndose ao Campesiño Mozo*). Ben, calemos, e como se non tiveses dito ren.

(*Os pelengrinos tíñanse ido chegando disimulada e despaciosamente a Rui Xordo, ata cuasi tocalo. Vasco de Mazarelos non-os perdía de vista nos seus movementos sospeitosos. Esta acción mímica dos pelengrinos ten de conciliarse co remate do discurso de Rui Xordo facéndose moi evidente namentras falan os campesiños actuais*).

PRIMEIRO PELENGRIN

(*Baixo, ao segundo pelengrín, cuasi falándolle ao ouvido*). Iste fidalgo encirrando aos rústicos é un gran perigo prá causa do Arcebispo. Non podemos deixalo con vida.

SEGUNDO PELENGRIN

(*Axitando de súpeto un puñal*). ¡Remataremos con ise tirán! ¡Morra o Iscariote! (*Disponse a cravarlle o puñal a Rui Xordo. Os campesiños guíndanse sobre dil, desárman-o e bouréan-o*).

VASCO DE MAZARELOS

(*Que ten prendido ao outro pelengrín, que turra por ceibarse dos seus brazos*). Ei-quí téis o outro, Rui Xordo. ¿Que facemos con iles?

PRIMEIRO PELENGRIN

¡Sodes como feras, bandidos!

PEDRO ARMEIRO

Bandidos con unha bandeira de xustiza.

VASCO DE MAZARELOS

Feras pra defender o noso dereito. Non folgaremos nin teremos paz ata que apertemos as nosas mans na gorxa do derradeiro de vós. (*Namentras fala, vai pechando as mans na gorxa do primeiro pelengrín, o outro pelengrin, bourado, fica caído no chan e tenciona, teimoso, erguerse*).

RUI XORDO

(*Detendo a Vasco de Mazarelos*). ¡Céibao! Déixaos voltar a Compostela pra que dean o resultado da súa xestión. (*Dirixíndose aos pelengrinos*). Comenzádech facendo oficio de Pilatos, lavándovos as mans pra enganar, mais podedes decir ao Arcebispo, voso señor, servidor do díaño, que hoxe ou mañán, ou cando sexa, entraremos en Sant Iago. ¡Idevos...! Mais, denantes escoitade, e lembrádevos do que vos digo: se volto a toparvos a calquera dos dous no noso camiño, xuntos ou separados, fareivos pendurar das madeiras de Pedro Vinagre. Non ficarán mal nilas as vosas vieiras.

(*Os pelengrinos vanse retirando, primeiro despaciosamente, logo axiña*).

RUI GARCIA

¡Que lástima! Que ben lucirían pendurados das miñas cordas tinxidas, con ises traxes de pelengrinos.

RUI XORDO

(Baixo, a Vasco de Mazarelos). Na cidade afogaron a revolta dos gremios, e agora tócanos loitar soios, como denantes, ata o fin. Istes pelengrinos, axentes do Arcebispo, coñecían as sinais dos artesáns.

O TOLO PROFÉTICO

«Ollade coma o labrego, ca esperanza dos fermosos froitos da terra, agarda con impaciencia as choivas cedas e as tardías».

O CAMPESIÑO MAIOR

Na guerra non se pode ter caridade, isa é unha virtude da paz. Rui Xordo non pode ser un bó dirixente.

O CAMPESIÑO MOZO

Descasí, foi inflexíbel cos nobres.

O CAMPESIÑO MAIOR

Si, porque desterrouse diles, mais na guerra tense que ser inflexíbel con todos.

A SOLDADDEIRA

¿E vosoutros? ¿Que facedes? Todo se vos volta criticar. Todo isto parécevos un espectáculo, e descasí, están loitando por vós. *(Ao Campesiño Mozo).* ¿E que? ¿Ti es mellor que iles?

O OUTRO CAMPESIÑO

Todo isto sempre remata en ren. Parece teatro, quizais soio nos traxes.

O CAMPESIÑO MOZO

Ten razón Minia, son semellantes aos nosos. Coido que isto é unha especie de aviso.

A SOLDADDEIRA

Ben, polo menos cavilades que pode ser un aviso. Aínda que o que acontece, en realidade, é máis que un aviso.

Acto III

Escena I

(Repítese a decoración da escea primeira do primeiro acto. Todo está silandeiro. Os artesáns e os tendeiros que están asexando ao traveso das portas entreabertas, péchanas amodo, deixando ouvir a volta da chave na fechadura, ao ver chegar á Soldadeira e ao Campesiño Mozo. O obradoiro do Mestre Ouro ten pintada, na porta, unha gran cruz preta en aspa, como unha sinal, e está de todo en todo pechado. Todos visten iguais traxes que nisa escea primeira do primeiro acto. A parella de «Falsos Cabaleiros de Sant Iago» que aparecen ao remate das dúas primeiras esceas, visten camisa azul con cruz de Sant Iago no peito, pantalóns pretos da moda actual, levan cinto con cartucheira na cintura e portan senllos fusís).

O CAMPESIÑO MOZO

(Detido ca Soldadeira nun ango do esceario). Tomeiche simpatía e estou disposto a ir contigo onde ti vaias. Sempre esperando que á túa vez te decidas a decirme quen es de certo e veñas á miña casa, na montaña. Meus pais han de te recibir ben e se aquilo che parece moi probe, porque, craro, é moi probe, irémonos a América. Queda lonxe, mais, se se ten sorte, algún día pódese voltar. Un volta trocado en americano, cun traxe de cidade, un acento diferente e moito diñeiro. Naturalmente, cando se volta, que é cando se xuntan os cartos. Ti tés que decidilo, Minia. Ista é unha vida estraña, con traballos dabondo, e cavilo que non é pra ti.

A SOLDADDEIRA

Mira, campesiño, deixa esa conversa pra cando remate todo isto. Aínda non te das conta do que acontece e que ilo é cousa de todos, pro que máis che atañe a ti que a min. Eu coñezo a túa vida, a da túa casa da montaña porque é unha vida e unha casa como todas as da montaña. Tamén pode ser así a miña casa. Moito frío, xiadas, brétemas, humidade. Un vaso de augardente pola mañán pra entrar en quentura, caldo á hora de xantar e caldo á noite. Caldo sempre. Caldo todo o ano ata o día de San Martiño que se mata o porco, ou pola festa do patrón que se mata o cuxo. Os domingos misa pola mañán e taberna á tarde, e sempre a mesma conversa: tempo, os prados, as vacas, as contribucións. Temos que trocar isa vida. Trocala pra ti e pra min e pra todos. *(Queda en silencio ouservando atentamente a Praza).* ¡Que silencio! ¡Olla! ¡Olla o obradoiro do Mestre Ouro! Está pecho e puxéronlle unha gran cruz preta como unha sinal na porta. Algo lle pasou ó Mestre Ouro. Déixate de parolas e preguntemos. É decir, ti cala e déixame preguntar a min. Algo estraño ocorreu. *(Chegándose ao obradoiro co dedo índice toca a pintura da aspa preta).* A pintura está fresca. Algo aconteceu fai poucas horas. Preguntemos. *(Os artesáns e os mercadores que miraban pra iles, logo de pechadas as portas, ao traveso do vidro das pequenas vidreiras, vanse poñendo de espaldas e non responden aos seus chamados).* ¡Mestre Ferreiro!, ¡Mestre Ferreiro! *(Peta fortemente na porta do Mestre Ferreiro).* ¡Abride, Mestre Ferreiro! *(Pra si).* Non abre, faise o xordo, istes son os valentes. *(Dirixíndose ao obradoiro do Mestre Cereiro e petando na porta diste).*

¡Abre ti, Mestre Cereiro! ¡Mestre Cereiro! ¡Por Deus, abre e escóitame, Mestre Cereiro! Nada, tampouco abre iste Me-xa-na-ca-ma. (*Diríxese a outra porta, a do Mestre Concheiro*). ¡Abre, Mestre Concheiro! (*Peta tamén na porta e deixa caer a man desesperada*).

O CAMPESIÑO MOZO

(*Que se mantén á beira da Soldadeira*). Minia, vámonos. Vaiámonos e deixemos isto. Lévote á miña casa, coñecerás a miña nai e a meu pai. Vámonos. Tempo por ti e por min. Tempo por todos. Isto non é asunto noso.

A SOLDADDEIRA

(*Casi berrando*). Si, é asunto noso, teu e meu e de todos os que son coma nós. É algo que ten que ver cas xentes da montaña e cos que labouran nas cidades, cos que cobran as contribucións e cos que as pagan. Ten que ver con todos. Aféctache a ti, a istos cobardes, a min, a todos. É algo que medra co tempo como unha catedral. Que está simplemente no tempo, que non acontece un ano tras outro, e unha data si e outra non. Vén dende fai séculos ata ti, ata min. Tócanos a todos, aos mortos e aos vivos. Unha guerra túa é unha guerra dos teus fillos, e esta non é samente unha guerra dos teus avoengos, continúa sendo unha guerra diles, túa, miña, dos nosos, de mañán e así ata que todo se troque. Non podes estar así, quedo, campesiño, e limitarte a seguirme.

O CAMPESIÑO MOZO

¿Que teño de facer? Todo isto é pra min moi alleo. Olla, chámante. (*Sínalalle co dedo o obradoiro do Mestre Santeiro, que está facéndolles seña dende a porta entreaberta, apenas asomando faciana e hombreiro ao traveso dila. Diríxese cara a il decontado a Soldadeira, e máis amodo o Campesiño Mozo*).

A SOLDADDEIRA

¿Que acontece, Mestre Santeiro? ¿Por que isa porta sinalada? (*Mostrando a do Mestre Ouro*). ¿Por que ise silencio e iste medo a abrilas portas? ¿Que aconteceu eiquí na cidade? Responde, Mestre Santeiro.

MESTRE SANTEIRO

Cala, Soldadeira, e vaite axiña. ¡Vaite! Xa ves polos teus ollos o que acontece. Non chames a máis portas. ¡Vaite! Ren sabemos do Mestre Ouro. Din que o mataron. Din que loitaba cos campesiños polo común. Non sei ren. Ti sabes que eu non era amigo do Mestre Ouro. Eu non sabía ren. Vaite. Eu non sabía ren do que pasaba eiquí. Ti tampouco sabes ren. Vaite da cidade, soio ti podes comprometerte. Vaite, que estás malsinada. Ti e un cego e uns campesiños con traxes raros, como ise que te acompaña. Din que fúchedes vós os que destranxéchedes consignas. Vaite. Non sei ren do Mestre Ouro, que non era meu amigo. Tampouco sei ren de ti, nin de ninguén. Eu estiven sempre co Cabildo.

A SOLDADEIRA

¡Vaia, Mestre Santeiro, non teñades tanto medo! Escoitádeme. Sei que érades amigo do Mestre Ouro e vós tamén estábades nisto. Decídeme que aconteceu e porque fracasou todo e se todos teñen o seu medo. Noto o silencio, mais o silencio pode significar moitas cousas. Vós non podedes negar ó Mestre Ouro. Era un artesán coma vós e un home honesto e capaz. Decídeme como foi.

MESTRE SANTEIRO

Vaite, que te buscan. A ti, a un cego e a ises campesiños estranxeiros.

A SOLDADEIRA

Decídenos quen nos busca e porque lle chamades a istes campesiños estranxeiros, ¿ou é que as roupas dan estranxeiría? ¡Vaia, Mestre Santeiro!, non estamos aínda derrotados. Vós sabédelo. Non nos traicione. Non sexa cobarde. Vós podedes facer moito por todos. A súa muller téñenlle aprecio os abades e de vós seguro que non desafiuzarán. Nin do Cereiro.

MESTRE SANTEIRO

Vaite, Soldadeira, ¡Vaite, por Deus! Torna aos camiños onde endexamáis debiches voltar. Vaite denantes de que sexa tarde pra ti. Fai un pouco levaron ao Mestre Concheiro. Aínda non sabemos o que aconteceu. Por ahí andan uns voluntarios que se chaman «Cabaleiros de Sant Iago» e que non son os Cabaleiros de Sant Iago, senón tendeiros, sanguedores, procuradores, que rexistran as casas e deteñen ás xentes. Din que defenden o orden e todos temos medo. (*O Mestre Santeiro pecha a porta e da volta á chave*).

A SOLDADEIRA

(*Peta na porta*). ¡Mestre Santeiro!. (*Tira do brazo do Campesiño Mozo e dirixíndose a iste*). ¡Vámonos, eiquí non temos xa ren que facer! Está arrepiado. «Abade dos cornudos», isto é o que tería que ser. Como a súa muller coida que está cos abades, por iso se atreveu, tan siquera, a falarme. Aínda son peores os outros. Imos visitar ó Mestre Touciño, é posíbel que saibamos algo do que pasou eiquí. Están arrepiados. Temos que atopar ao cego.

O CAMPESIÑO MOZO

Mínia, propoño que marchemos á montaña. Xa sabes todo o que pasa eiquí. Mortes, aleivosías...Teríamos que darnos conta do acontecido cando comezamos a andar polas rúas. Os meus compañeiros, O Campesiño Maior, O Outro Campesiño, estarán desacougados por min. Vámonos, Mínia.

A SOLDADEIRA

150 Si, vámonos. Cústame cavilar que ti sexas coma istes. Que esteas arrepiado aínda sen

participar en ren. Aínda que pudiches darte conta de que tamén participas. Procurávos a vós como ao cego e a min. Xa ves, tamén se paga o andar cun traxe diferente. Un traxe diferente significa desorde e ista xente defende o orde. Non importa que teñas as mesmas costumes e herdes a mesma sangue, o desorde pode comezar co traxe. (*Ollando ao seu arredor*). Todo está pechado e non se ve a ninguén. Ista parece unha cidade apestada. Págase o ser cego, ter ideas honradas e vestir un traxe diferente. A isto chámase orde. Chamase orde a que sigan as cousas como están, a que a maioría non teña xeito de vivir honestamente facendo a súa laboura con ledicia, pase dor e fame, e uns poucos vivan á conta de isa maioría cada vez apertando máis as súas gorxas, bourando máis. Imos á taberna do Mestre Touciño.

O CAMPESIÑO MOZO

Todo isto parece que pasou fai tempo.

A SOLDADEIRA

Isto pasou fai tempo e pasa agora. Non existe o tempo, soio existe cando queremos que exista. O tempo tamén o inventamos nós. Iste é o teu tempo. Calquer tempo nun país, se de certo se vive, é o teu tempo. Ti vives no noso tempo e istos que deixamos, e aquiles que loitan na montaña, viven o que tí coidas crear teu tempo e iles chaman futuro. (*Vanse polo outro extremo do esceario*).

PRIMEIRO FALSO CABALEIRO DE SANT IAGO

(*Entrando*). Non hai ren. Descasí ouvimos voces e golpes.

SEGUNDO FALSO CABALEIRO DE SANT IAGO

Si, eran voces, non poidemos engañarnos, eran voces e sentíase como petar nas portas. Chamemos no obradoiro do Mestre Cereiro ou do Mestre Santeiro. Istes saberán decirnos.

PRIMEIRO FALSO CABALEIRO DE SANT IAGO

Están arrepiados... Non creo que tivesen escondido a ninguén. (*Peta na porta do Mestre Cereiro*). ¡Ei, Mestre Cereiro, somos os Cabaleiros de Sant Iago!

MESTRE CEREIRO

(*Abrindo*). ¿Que procurades por eiquí? Eiquí non pasa ren.

SEGUNDO FALSO CABALEIRO

¡Ouh, Mestre Cereiro! Xa vemos que non pasa ren, todo parece, gracias a nosoutros, estar tranquilo, e non se trata de vós, que estades ben recomendado, mais ouvimos golpes nas portas e voces. Voces de xente que falaban.

MESTRE CEREIRO

¿E que? ¿Non se pode falar?

PRIMEIRO FALSO CABALEIRO DE SANT IAGO

Non, non se pode falar. Soio en voz moi baixa. O pobo ten que estar silencioso como unha campá e ouvimos voces.

MESTRE CEREIRO

Mais vosoutros, Cabaleiros, aínda estando o pobo silencioso como unha campá, sempre oídes voces, oídes voces sempre. Eu coído que vos abouran as voces, que tendes medo das voces...

(*Cae o pano*).

Escena II

(*A Soldadeira e o Campesiño Mozo entran na taberna do Mestre Touciño amañada como no primeiro acto. Están soios o Mestre Touciño, que fai cas baraxas un solitario, e os vellos que cuchichean achegados ao lume, no lar. Os tallos de madeira están sobor das mesas valdeiras, como se rematasen de barrer o local. O Mestre Touciño érguese sobresaltado, cando ve entrar ó Campesiño Mozo e á Soldadeira*).

MESTRE TOUCIÑO

¿Que vides facer eiquí? ¿Non vedes que non hai nadie? Idevos axiña. Non hai viño pra ninguén. Son ordes superiores, das autoridades. ¡Idevos! Ti (*dirixíndose co índice á Soldadeira*), ti trouxeches a malafada a ista taberna. Ben llo decía eu aos menestrais. Agora ista taberna está pechada e quen sabe o que foi do Canteiro, do Carpinteiro, do Cordoneiro, de todos. Sempre aparece algún morto. Rematan de decirme que apareceu o Cordoneiro asasinado na gavea do Camiño Francés, e tamén ista madrugada apareceu o Canteiro. Non hai máis que mortos. E vosoutros eiquí, comprometéndome a min que non teño nada que ver, como ti sabes, con todo o que aconteceu. ¿Que agardades? Idevos. Idevos denantes que cheguen a procurarvos. Ao mellor xa vos viron e entón eu tamén o pasarei mal. Vaite e lévate a ise. Vaite axiña.

A SOLDADDEIRA

152 (*Con sorna*). Denantes de nada, bos días lle dea Deus, Mestre Touciño, e bós días vosoutros (*dirixíndose aos vellos*). Contádeme con calma, Mestre Touciño. Algo me

vou enteirando polas vosas queixas, mais contádeme o que aconteceu. Se alguén ven, xa nos agacharemos en calquer sitio, ahí mesmo, tras dises toneis. (*Sinala os toneis*).

MESTRE TOUCIÑO

Non teño ren que contarche. Vaite. Ti sabes o que aconteceu, con seguranza mellor que nós, estabas niso. Eu non estaba en ren. Non tiña de que queixarme. A min sempre me foi ben. Vosoutros sodes os que tedes toleiras no miolo. Ideas que traedes de afora, que as tedes recollidas polos camiños.

A SOLDADDEIRA

Asoségate, Mestre Touciño, e conta. Non nos imos ata que nos contes. Ti (*dirixíndose ao Campesiño Mozo*), baixa ise tallo e séntate.

O CAMPESIÑO MOZO

Non, Minia, vámonos. Todos istes teñen medo e se nos ficamos estou seguro que iles mesmos denunciannos. Vámonos cos nosos. Prégiocho, vámonos...

A VELLA

(*Dende a lareira, erguendo o pau co que escaravella o lume, dirixíndose á Soldadeira*). Ídevos, si, ídevos. Paciencia dabondo tivemos todos con vosoutros. Eu escoiteiche o outro día. Parecíavos que non ouvía, e si, ouvía. Non facíades caso diste par de vellos. Non sirven pra nada, pensábades. Son moi vellos. E non somos tan vellos que non nos deamos conta do que facedes. ¿Que? ¿queredes arruinar a vida dos que teñen algo? Craro, ti non tes ren que defender, nin tan siquera che queda honra. Vés á taberna, séntaste, falas de amañar o mundo e ise calzupeiro (*dirixíndose ó Mestre Touciño*) non te botou. Debiches tela botado cando se sentou ahí con ises alleos a pedir viño. ¿Que cavilabas? ¿Que após dila tiña de vir o Cabildo a sentarse e pedir unha cunca do Ulla? Ahí a tés agora, e é posíbel que detrás veñan as autoridades a levarvos xuntos, a ti, a ise alleo e a ila.

A SOLDADDEIRA

¡Cala, vella comadre, que non é contigo! Ti non tés que recusarme, nin tampouco a iste (*dirixíndose ao Campesiño Mozo*), que ata agora non comprende ren. Soio quero falar ó Mestre Touciño.

A VELLA

Non, se non é un calzupeiro, bótavos fora. Non tendes ren que falar. Todo está quedo, e vosoutros vindes revolver aos homes. Aproveitádevos de que a xente protesta sempre, endexamáis está conforme. Así foi sempre. Teño moitos anos e sempre escoitei á xente protestar por todo. Algúns, como vós, aproveítanse disas protestas e veñen as guerras, as mortes e ao derradeiro nada se troca.

O VELLO

¡Cala!, a ti ren che importa. Il ten de saber o que fai. Ti sempre cavilando así, deixando todo á vontade de Deus, e así si que ren cambia. Dabondo caso che fixen eu en tantos anos pra que permita que cho fagan os demáis. Cando se fai unha guerra e hai mortos algo cambia. Cambian os que fican vivos e aínda os que a gañan. Istes, os que a gañan, empezan a cavilar entón, cando son honrados, nas razóns dos mortos e dos vencidos, aínda que pareza tarde. Algo cambia. Ti e máis eu somos dabondo vellos pra meternos nisto. Eu vino todo cando ila veu a outra xornada, (*sinalando á Soldadeira*), escoiteino todo, pro non sei ren. Se as miñas pernas fosen o que foron non tivese estado eiquí sentado. Tivese ido co Carpinteiro, o Forneiro, o Carniceiro, ou tivéseme ido á montaña. Por se preguntan outros, non sei nada, ¿ouvíchedes?

A VELLA

Ti sempre estiveches en contra de min, non sei que me dou cando matinei en casar contigo. Agora é tarde, mais aínda sendo tarde traes o mal. Así nos foi sempre co teu xeito de cavilar.

A SOLDADDEIRA

Non, non trae mal ningún. Cavila ben. Así é como il di. Ti (*dirixíndose ao vello*) non es tan vello, non o es tanto como iste (*sinalando ao Mestre Touciño*). A cobiza non che fai vello. Vellos como ti están na montaña e teñen esperanzas. Loitan, non por iles, que quizais é tarde e non lles aproveite o que veña senón polos que veñen após, polos seus fillos, polos seus netos...

MESTRE TOUCIÑO

(*Cuasi xemendo*). ¡Idevos, por Deus! E vosoutros, meus pais, calade. Isto vainos traer o desfacemento. (*Empuxa á Soldadeira pra que se vaia*). ¡Idevos!...

O VELLO

Fícate quedo e non xemotees, que es un home, aínda que non llo pareza á túa señora Magra. Seméllaste a túa nai. Ila (*sinalando á Soldadeira*) ten razón. Pode que non sexa prudente, mais ten razón. Explicarlle o que aconteceu ou explícollo eu. Ti (*dirixíndose ó Mestre Touciño*) tés algo de culpa do que sucedeu. Todos temos algo de culpa. Escóitame... (*dirixíndose á Soldadeira*).

A VELLA

(*Interrumpindo*). ¡Cala! Ti non fales.

(*Síntese abrir a porta. A Soldadeira e o Campesiño Mozo agáchanse tras dos toneis e entra o cego. Mestre Touciño séntase como xogando ao solitario*).

O CEGO

A SOLDADEIRA

(*Salindo de detrás dos toneis co Campesiño Mozo*). Si, eiquí estamos. Pareceume que te acharía nalgún sitio, mais non precisamente eiquí.

MESTRE TOUCIÑO

(*Erguéndose da mesa*). Tamén ti! ¡Ti! ¡Desagradecido! Ves comprometerme. ¡Idevos todos ou saio á porta a berrar!

O CEGO

Aínda que saias á porta a berrar ninguén acudirá. Estás soio. Cada un nista vila está soio. Estás soio cos teus medos. O único que podería xuntarse con nós non pode andar de tan vello, e descasí é máis mozo que ti. (*Escomeza a afinar a zanfona*). ¡Imos, Soldadeira! Ren está tranquilo. Nunca estivo tranquilo iste país, mais ren está tranquilo. Tampouco o están as ánimas nas campas. ¿Estivéchedes algunha vegada tranquilos nun cemiterio? ¿Nunca víchedes as ánimas en pena? Pois ben, eu, que son cego, sentinas, como vos sinto a vós, a ti, vella, e a ti, Mestre Touciño, que sodes ánimas en pena, que non estades vivos, que non queredes estar vivos porque tampouco queredes morrer. (*Dirixíndose á Soldadeira*). Imonos, xa che explicarei o que aconteceu. (*Vaise acompañado da Soldadeira e do Campesiño Mozo, e comeza o romance doña Alda acompañándose ca zanfona*).

PRIMEIRO FALSO CABALEIRO DE SANT IAGO

Si, Mestre Touciño, ouvimos voces na túa taberna. Pasábamos por eiquí e ouvimos voces.

MESTRE TOUCIÑO

Non sei de que voces falades como non sexa das nosas, dos que estamos eiquí presentes. Podedes cachealo todo. Eiquí non entra ninguén e a ninguén despacho viño. Vosoutros coñecédesme e sabedes que son respectuoso das leies. Podedes cachealo todo, escomenzando por detrás dos toneis.

O VELLO

(*Ollando á vella e ó fillo*). Eiquí non entrou ninguén dende fai dúas noites. Se ouvíchedes voces é porque sempre ouvídes voces.

PRIMEIRO CABALEIRO DE SANT IAGO

Si, e algo así como un romance de cego.

MESTRE TOUCIÑO

(*Tranquilo e limpando co trapo da cociña unha mesa, logo de recoller as baraxas*). Ben, eiquí non hai ninguén máis que nós. Cacheade, se vos molestades, mais 155

non hai ninguén. Eu facía un solitario e falaba con iles. A vosoutros pódovos servir viño, sodes a autoridade. Sentádevos, se non queredes cachear máis.

PRIMEIRO CABALEIRO DE SANT IAGO

(Que anda co Segundo Falso Cabaleiro de Sant Iago cacheando por detrás dos toneis). Descasí, estou cuasi seguro de ter ouvido voces.

SEGUNDO FALSO CABALEIRO DE SANT IAGO

Si, eu tamén. Ben, sentémonos e bebamos algo. Estou moi canso. *(Séntanse e poñen os fusís á súa beira)*. Terías que ver, Mestre Touciño, como se resistiu o canteiro cando fumos buscalo a derradeira noite. Estaba como entolecido e botouse contra de nós coma un porco bravo. A muller tivemos que esmaiala.

PRIMEIRO FALSO CABALEIRO DE SANT IAGO

Si, foi todo un espectáculo. Cando o bouramos ben, quedou como se tivese zogado todo o viño dos teus toneis. Andaba dando traspés. Pro tiveron que axudarnos outros tres máis. Eramos cinco. Logo deixámolo ben visible no camiño de Bonaval. Alí quedou pra escarmento de todos, ata que o enterren, cando pasen dúas ou tres xornadas. ¿De que lle serviu erguerse contra o orde? Iso pasa sempre que se queren trocar as cousas e téñense ideas dabondo. ¡Ja, ja! ¡Se vísedes como quedou...!

O VELLO

(Dirixíndose amodo, namentras escarabella o lume, á vella e ao Mestre Touciño, que se detivo arrepiado ca xarra de viño na man). Si, istes oien sempre voces. Sempre, deiquí en diante oirán voces. As do Canteiro e as dos outros. Voces. Sempre oirán voces.

(Cae o pano).

Escena III

(O mesmo descampado do Monte Pedroso sin a forza do acto segundo. O monte, aínda sendo o mesmo, ten que dar a sensazón de desolado. En segundo termo, arredor dalgunhas brasas, estarán un fato de campesiños medievais en silencio. En primeiro termo, de pé, á dereita, Pedro Vinagre, Rui García, Xil Freire, Vasco de Mazarelos (sempre coberto co seu capuz preto), Pedro Armeiro, Martín Eanes e Rui Xordo. A esquerda, nun corruncho, dous dos campesiños actuais; O Campesiño Maior, e O Outro Campesiño. Todos parecen inquedados e desorientados. Vasco de Mazarelos terá, ademáis do seu capuz, o machado na man. Unicamente ao derradeiro, cando se indique, de acordo cos sucesos, o esceario irase alumeando, como se a lúa despexase de nubes. Todos os persoaxes, na súa inquedanza, ollan de cote á esquerda. Os campesiños actuais e os outros terán con iles, na súa man e no chan, os apeiros de labranza dos outros actos. O Tolo Profético actúa coma no segundo acto).

O CAMPESIÑO MAIOR

Estou inquedo. Minia e o Campesiño Mozo xa terían que estar eiquí. (*Ollando aficadamente cara á esquerda*). Minia alevoulle o siso e eu non sei se será para ben. Debéramos de estar de volta na casa. ¡Unha fada! ¡Unha bruxa, diría eu! Descasí, ten bos modos.

O OUTRO CAMPESIÑO

Ben, agora non podemos facer outra cousa que agardar. Debera terse ficado con nós e non se quedou. Foise con ıla, en certo xeito abandoúnos. Non somos responsábeis dil, pro despois de todo é veciño noso e amigo e non imos chegar á aldea sin il. Gostaríame, de calquer xeito, entender mellor todo isto. A guerra é coma se fose nosa. A moza decíao e é certo.

O CAMPESIÑO MAIOR

Si, se a tivésemos organizado nós, quizais non fora diferente. Ata teríamos que loitar cas mesmas armas que estes. Con seguranza que se tivésemos sabido denantes dista loita estarían eiquí todos os homes da aldea. As causas son sempre as mesmas. Son causas sinxelas (*senalando aos campesiños medievais*). Todos parecen estar tan inquedos coma nós.

O OUTRO CAMPESIÑO

O que parece máis inquedo é ise de roupas diferentes que nomean Rui Xordo. Cala e escoita o que din.

VASCO DE MAZARELOS

Tería que estar eiquí. Pasou toda unha xornada.

RUI XORDO

¿Que pasaría en Sant Iago? ¿Que pudo ter fracasado? Os gremios estaban unidos e decididos, tiñan xefes probados. ¿Por que non chegará a Soldadeira?

PEDRO VINAGRE

Empeñouse en que fose con ıla ese Campesiño alleo que estaba con ises dous (*senalando disimuladamente ao Campesiño Maior e ao Outro Campesiño*).

MARTIN EANES

Ises dous e o que se foi ca Soldadeira son dos nosos. Soio as vestimentas son diferentes. Mais son coma nós. Ollannos coma se visen a xentes alleas, pro si cavilades ben, facemos ista revolta pra iles.

RUI XORDO

Deixádeos, non vos ocupedes diles. Virán a nós cando sexa o intre. É certo, pra iles máis que pra nós mesmos, facemos ista guerra. Agora están sinxelamente perplexos e coido que non entenden ren do que acontece. Cando o entendan estarán con nós. Preocúpame o que pasou na cidade e á Soldadeira.

PEDRO ARMEIRO

Se nos adiantásemos dous de nós pra ver se os atopamos polo camiño... Quizais lle tivese acontecido algo e precisen axuda.

RUI XORDO

É posíbel que si. Vai ti, que te ofreces, e que te acompañe Martín Eanes. Tedes que seguir ise camiño sombrizo que se olla á esquerda (*sinala ca man un lugar fora do esceario*). Ise é o camiño que lle aconsellei á Soldadeira. É un camiño seguro. Pro voltade axiña. Bulide. Mentras tanto disporei que vaia algún outro dos nosos cara á cidade, a ver se logramos coñecer o motivo diste témero silencio e aínda facer algo co que fica da xente dos gremios. (*Vanse Pedro Armeiro e Martín Eanes*).

RUI XORDO

(*Dirixíndose de novo aos que fican*) O importante é que poidan saír de Sant Iago os soldados do Arcebispo, que algo que os force a quedarse alí pra manter o orde.

VASCO DE MAZARELOS

¿E se combatemos a cidade de calquer xeito?

RUI XORDO

Non é unha toleira. Deterannos nas súas murallas e perderíamos moitos homes. Deben ter forzas emboscadas nalgúns lugares perto das súas portas. Temos que saber exactamente que coñecen do estado dos nosos homes e da nosa situación, e temos que ter garantías pra atacar, de que hai loita dentro. De algo que lles destorbe a saída de homes. Non debemos espor a unha toleira a nosa loita.

PEDRO VINAGRE

Quizais debéramos deixar Compostela e continuar cara ás rías, poderíamos atoparnos cos que están facendo guerra máis ao sur. Pero ¡ollade, ahí veñen xentes fuxitivas!

(*Entra no esceario un fato de homes e mulleres con fardeis ao lombo, que abaixan ata os seus propios pés cando defrontan a Rui Xordo*).

PRIMEIRO FUXITIVO

158 ¿Es ti Rui Xordo? Nosoutros logramos escapar a duras penas de Sant Iago.

SEGUNDO FUXITIVO

A cidade está espavorida. O que acontece é arrepiante.

TERCEIRO FUXITIVO

Non aparecen máis que mortos asasinados nos bairros. Nós logramos bulrar a vixilancia dunha das súas pontes.

CUARTO FUXITIVO

Toda a cidade aparece deserta, en silencio. Agardan que ataqueades. ¿Es ti Rui Xordo, ou quen é Rui Xordo?

RUI XORDO

Si, son eu Rui Xordo. Contade todo. Decídenos como foi. ¿Que aconteceu? ¿Quen sodes? ¿Por que tanto silencio na cidade?

SEGUNDO FUXITIVO

É inútil, non debimos de revoltarnos. Non tíñamos xente dabondo nin homes capaces que nos dirixisen.

TERCEIRO FUXITIVO

Non se trata diso e non podes falar así. Craro que tíñamos xente capaz ao fronte e todo puido ter rematado ben.

PRIMEIRO FUXITIVO

Quizais foi o exceso de afiuzanza na nosa propia causa.

CUARTO FUXITIVO

Foi unha traición. Fálase de uns pelengrinos.

SEGUNDO FUXITIVO

Todo tería que estar cavilado e non o estivo, ¿cal é, pois, a xente capaz que nos dirixía?

PRIMEIRO FUXITIVO

Prégovos que vos caledes. Non imos resolver ren laiándonos do acontecido e discutindo antre nós. Houbo traición. Coma foi, non está craro pra nós. (*Dirixíndose a Rui Xordo*). Quizais vós o sepades mellor. Cando se apagou a derradeira fogata do monte, como tíñamos dito, xa estaban presos moitos dos nosos xefes. Pouco despois de rematada a procesión de San Cosme e San Damián.

TERCEIRO FUXITIVO

Foi entón cando escomenzaron os detementos. Polos bairros sacaban das casas aos homes e matábannos.

SEGUNDO FUXITIVO

A maioría non tñamos novas e non poidemos facer ren. O pobo está silandeiro e espavorido.

PRIMEIRO FUXITIVO

Apareceron ademáis das tropas do Arcebispo, algúns vontarios cun uniforme estraño, que se chaman Cabaleiros de Sant Iago, que pertencen a todas as profesións e a todas as crases. Algúns distes son os que sacan á xente das súas casas e ademiten denuncias. Non fan guerra, asasinan.

UNHA MULLER FUXITIVA

Eu son a muller do herborista. Entraron na miña casa, preguntaron polo meu marido e coma non o atoparon sacaron os frascos das herbas e os tratados medicinais e guindáronnos pola fenestra, pra queimalos na rúa. A min zorregáronme. O meu marido quedou en Sant Iago. Está escondido e quere novas vosas para actuar. Está seguro de que venceremos.

OUTRA MULLER FUXITIVA

Rui Xordo, ó meu marido matárono. Era dourador nunha santeiría. Veño a facer o que il tivese feito, loitar con vós. Pra algo servirei. ¡Ouh Deus meu! ¡Deus meu! (*Bótase a chorar*).

VARIAS VOCES

(*Ao mesmo tempo*). ¡Tés que vengarnos, Rui Xordo! ¡Rui Xordo, vénganos!

O TOLO PROFÉTICO

(*Entrando no esceario*). «Non son os ricos os que apremen e arrastran aos tribunais?» ¡Ampara o teu sangue, Señor!

TERCEIRO FUXITIVO

Din que o Cabildo contou con pelengrinos estranxeiros que lle serviron de espías. Que algúns disfrazados de pelengrinos, runfando de non coñecer a nosa lingua enterábanse das conversas.

SEGUNDO FUXITIVO

TERCEIRO FUXITIVO

Algúns din que o que máis abonda iste ano en Sant Iago son soldados alemáns disfrazados de pelengrinos.

PRIMEIRO FUXITIVO

Non hai que facer moito caso de todos ises ditos. Sábese que hai dous pelengrinos espías.

SEGUNDO FUXITIVO

Non sabemos se pelengrinos falsos ou non.

PRIMEIRO FUXITIVO

Tampouco se son alemáns. Sabemos que foron gañando a afiuzanza de algún dos nosos das Praterías, e que andiveron facendo amizades ante os artesáns e os mercadores.

TERCEIRO FUXITIVO

Alguén di que están acobexados na casa dun membro do Cabildo, porque agora non se arrichan a saír ás rúas por temor do pobo.

SEGUNDO FUXITIVO

Nin tan siquera poden pasearse naquel silenzo de morte.

O TOLO PROFÉTICO

«Tedes condenado ao xusto. Tédeslle dado morte sin que il vos resistira» ¡Teus fillos ampara, Señor!

UNHA MULLER FUXITIVA

Señor, son vella, e eiquí estou co meu fillo, ó outro matáronmo. Pertencía ao gremio dos cambiadores. Dime que podo facer. Eu quero vingar ao meu fillo e iste vingar a seu irmán. Non queríamos sangue, señor, mais iles si, queríana e feriron na miña carne.

RUI XORDO

Cala, muller, ten azos, todos estamos contigo. Xa diches un fillo e diches dabondo. Ofrézoche ista irmandade. ¿Que outra cousa podo ofrecerche? (*Agarímalle o cabelo*)

PRIMEIRO FUXITIVO

Procuran con saña a unha Soldadeira, a un Cego e a tres homes enfeitados dun xeito estraño que din que son estranxeiros.

RUI XORDO

Home, dous dises supostos estranxeiros están eiquí. Aos outros, o Cego e a Soldadeira, agardámoslos.

(Os dous campesiños actuais fóronse chegando ao fato que compoñen os campesiños medievais e os fuxitivos, ata misturarse con iles).

CAMPESIÑO MAIOR

(Ao outro Campesiño). Estou decidido, eu quedome con istes. Ti decídete. Sempre foi o mesmo e agora é o mesmo. Chámannos estranxeiros e procuránnos.

O OUTRO CAMPESIÑO

(Respostándolle). Si, tamén fico. Agora comprendín todo. Son os nosos. Estámolles obrigados e con iles guerrearemos por nós. Ista é unha historia que nos pertence.

CAMPESIÑO MAIOR

Sempre loitamos polo mesmo. Igual dá que se lle diga, ao que está defrente, señor ou cacique. Cando protestamos, sempre, fatalmente, rematamos sendo estranxeiros.

O TOLO PROFÉTICO

«O xornal dos obreiros que segaron os nosos campos, defraudados por vosoutros, brada, e os berros dos segadores chegan aos ouvidos do Señor dos exércitos» ¡Deus, ampara ós teus fillos!

(Entran o Campesiño Mozo e o Cego. Portan a hombros o corpo malferido da Soldadeira. Veñen con iles Pedro Armeiro e Martín Eanes. O Cego, que trae a zanfona atravesada ás costas, ven co traxe rachado, o mesmo que o Campesiño Mozo. Tras diles entra unha multitude de campesiños no esceario. Abaixan á Soldadeira no chan sobre das peles de carneiro).

O CEGO

Atacáronnos no camiño uns soldados e soio acadaron a ila. Atacaron apresamente e coidamos que fuxiron. Logramos desorientalos agachándonos tras dunhas rochas. Coido que acadaron a Pedro Vinagre e a Martín Eanes e supoxeron que eran moitos máis e desapareceron.

O CAMPESIÑO MOZO

(Axionllado á beira da Soldadeira). Minia, Minia, respóndeme. Estou á túa beira. Sempre estarei a carón de ti, a rente dos teus e dos meus. Sempre estiven contigo. Sei que non es unha fada. A unha fada non a feren con madeira nin ferro algún. Es soio fada pra min. Non me importa quen sexas. Sempre estarei á túa beira. Agora sei que os teus son os meus. Que iles son coma eu mesmo. ¡Minia, respóndeme...!

O TOLO PROFÉTICO

«*¿Non se xustificou polas obras, recibendo ós mensaxeiros e despedíndoos por outro camiño?»* ¡Ampara o seu sangue, Señor!

RUI XORDO

Supoñía que algo tiña acontecido. Cóntame todo, Cego. ¿Que aconteceu en Sant Iago?

(Arrédanse a un corrucho do esceario o Cego e Rui Xordo, falando antre iles, e alí fican parolando preocupados).

O CAMPESIÑO MAIOR

(Axionllado a rente do Campesiño Mozo). Déixaa, déixaa. Con seguranza que vai curar. Entendémolo todo. Ficamos contigo, con ila e con todos. Ficamos ao que Deus queira, a loitar. Ila sanará e gañaremos ista guerra. Non sabemos cando, mais gañarémola. Non importa que sexamos nós os que gañen ou os nosos fillos, mais gañarémola. Estamos gañándoa aínda que a cada nova xenerazón semelle non importarlle. Estamos gañándoa dende fai moitos séculos. Dende que se principiou, non sabemos cando.

O OUTRO CAMPESIÑO

Claro que a gañaremos. Non importa que os cronistas non escriban adrede os nomes dos nosos xefes, que non refrexen exactamente as nosas victorias. Gañarémola. Un día diríxenos un fidalgo, outro un crego, mañán dirixíranos un dos nosos.

O CAMPESIÑO MAIOR

Non sabemos cando gañaremos ista guerra que comezou fai moito, mais con ila gañaremos, pra nós e prós nosos descendentes, iste país.

VASCO DE MAZARELOS

(Dirixíndose a todos). Viñeron aproveitándose de nós nistas terras que por natureza son nosas, e que os nosos abós traballaron e defenderon dos invasores. Pasamos dun despotismo a outro ao pasar de señor a señor.

O OUTRO CAMPESIÑO

Agora son propietarios de outro xeito, pro teñen os mesmos dereitos e soio nos fica o renunciar á terra e marchar a países descoñecidos de América.

O CAMPESIÑO MAIOR

Expórtannos como denantes exportaban os nosos productos e os axentes dos países americáns fan escolma de nós o mesmo que os comerciantes a fan cos froitos da terra.

PEDRO VINAGRE

Os señores impuxéronnos rendas esaxeradas e erguen fosados entre nós sen calcular o dano que nos fan.

O CAMPESIÑO MAIOR

Os señores de agora son a Diputación provincial, o Axuntamento, ou a orgaización dun Estado en desfacemento. Vivimos exclusivamente pra pagar impostos.

O TOLO PROFÉTICO

«Quen se contente con soio ouvir a parola sen practicala será semellante ao varón que contempra nun espello a súa faciana e, apenas se contempra, vaise e ao intre esquécese de como era» ¡Ampara os teus fillos, Señor!

VASCO DE MAZARELOS

Todos xuntos venceremos. ¡Eih, Pedro Vinagre! ¡Ergue de novo a túa forza!

O TOLO PROFÉTICO

¡Señor ampara iste sangue! «Falade e xuzgade coma os que teñen que ser xuzgados pola lei da libertade. Porque sen misericordia será xuzgado o que non fai misericordia»

O CAMPESIÑO MOZO

O meu destino está en ti, miña xoia, Minia, fada miña. Respóndeme, Minia. Estou no teu mundo que é o meu propio mundo. A miña esperanza é a túa. Quero erguer contigo ao ceo e aos homes todos os pregos que poidan nacer de nós e dos nosos corazóns. Que poidan nacer da terra que se labre e das bestas inocentes que traballen con nós nisas terras. Minia, respóndeme. Todos estamos contigo.

O CEGO

(Que se acercou a Minia interrumpindo ao Campesiño Mozo). Eiquí estamos axuntados antre a cidade e a noite. Ergueitos na montaña os de onte e os de hoxe.

Todos xuntos, defrontando o vindiño, aínda que a morte troque as nosas facianas e os nosos traxes. Aínda que o tempo deixe mostras en nós e nista terra. A carón teu estamos agora os campesiños, os eibados, os xograres, os mendigos.

O CAMPESIÑO MOZO

Ti non podes morrer, Minia. Escóitame, Minia. Eiquí estamos antre o pó, as uces e as rochas. En calquera tempo.

(As mulleres fuxitivas que se foron arredando, voltan xuntas, con ramas de árbores frorecidos que pousan enriba do corpo da Soldadeira. Pedro Vinagre ergue novamente a forca axudado por algúns campesiño. Escóitase unha gaita lonxana e algúns comezan unha danza de espadas en segundo termo, que dura ata o fin da obra).

O CAMPESIÑO MOZO

Non sei de ti máis que o teu nome, Minia. Nin tan siquiera entendo o alcume que din estes, Soldadeira. Mais de ti deprendín que é amor e que é guerra. Que é para sempre o amor e que é ista guerra. Unha guerra nosa, da que quizais temos perdido a súa lembranza, porque ninguén nos dixo endexamáis dista Irmandade campesiña, que pasa coma o vento, que todo estraga e o enterra pra facer logo a terra máis fecunda. É unha guerra nosa. A guerra que fan os pais e herdan os fillos. Unha guerra como sempre foron as guerras. Unha guerra que se herda. Ti, Minia, Soldadeira, pra min soio Minia.

O CEGO

A sorrinte, linguaraz fada Minia, sen tempo, sen apelido, sen orixe sabido. Lembranza e historia do teu pobo, non podes morrer. Ti es historia que xunta. Es máis que a historia. Es fada, lenda, eternidade do teu pobo.

O CAMPESIÑO MOZO

Minia, respóndeme. Contéstame, Minia. Estou contigo pra sempre, ca miña vontade e co meu sangue. Estou contigo, non no teu tempo, senón no meu tempo, no tempo. Respóndeme, Minia, Soldadeira, amor...

FATO DE CAMPESIÑOS ACTUAIS E MEDIEVAIS

Todos estamos contigo, guerra. Ca nosa vontade e co noso sangue, Minia, Soldadeira...

(Escóitanse na montaña rumores de cantigas e homes que berran verbas alusivas á guerra campesiña, que poden ser consiñas actuais das sociedades agrarias, namentras baixa o pano).

FIN